

narrativa e poesía

IX Certame Literario

Concello de Ames



© Concello de Ames

Edita:

Concello de Ames
Praza do Concello, 2. Bertamiráns
15220 Ames. A Coruña

Maquetación:

Jaime Ares Castro

Depósito Legal: C-588-2013

Imprime:

Imprenta Provincial
Archer Milton Huntington, 24
15012 A Coruña

IX Certame Literario

Concello de Ames

Textos premiados na edición do ano 2012

Neste 2013, o Certame Literario do Concello de Ames cumpre unha década de existencia. Dez anos nos que esta cita se foi consolidando como un referente para os novos creadores e creadoras e converténdose nunha auténtica plataforma de lanzamento para futuros valores da escrita galega.

Este LIMIAM serve de introdución aos textos que foron premiados en 2012. Ao longo destas páxinas podemos atoparnos con relatos e poemas que teñen un denominador común: a súa calidade. Os traballos presentados reflicten a existencia dunha gran creatividade literaria en galego. Á vista destes traballos creo, sinceramente, que o certame cumpre sobradamente os obxectivos cos que naceu: impulsar a creatividade, o emprego do galego e fomentar o amor pola escrita.

Cada ano sorpréndenos a impresionante calidade dos textos que se presentan, así como a imaxinación e a creatividade dos máis novos. É tamén destacable o valor artístico e literario dos textos que nos achegan os autores xa máis consagrados. A todos eles, aos premiados e aos participantes, quero agradecerlles que tomasen parte no certame e felicitalos pola súa paixón pola escrita. Un agradecemento que fago extensivo a todas as persoas que fixeron posible esta actividade cultural, con especial mención aos membros do xurado, que tiveron a difícil tarefa de elixir entre grandes traballos.

Sen medo a equivocarme, podo asegurar que Ames é un concello con vocación literaria. É notorio o interese dos nosos veciños e veciñas pola literatura e pola cultura. Pero o que tamén é certo, é que o Certame Literario xa traspasou as nosas fronteiras, chegando a converterse nun referente en toda Galicia con textos chegados das catro provincias e mesmo de fóra da nosa comunidade.

Desde o Concello de Ames traballamos co obxectivo de manter e mesmo mellorar este certame e de traballar a prol da cultura

galega, fomentando a paixón pola escrita entre os máis novos e dando unha oportunidade de publicar novos textos aos autores xa máis consagrados.

Este 2013 é un ano cheo de importantes citas literarias para Ames. Ao Certame Literario e ao Intercentros, a través dos que o Concello actúa como un auténtico xerador de cultura, únense outras datas, como o Día do Libro ou as Letras Galegas. Pero, sen dúbida ningunha, hai outra data na que Ames se entrega: a conmemoración do Día de Rosalía, que recentemente acabamos de celebrar. Neste ano, no que se conmemora o 150 aniversario de Cantares Gallegos e o 176 do nacemento da autora, buscamos achegar a escritora galega, tan vinculada a Ames, aos pequenos e maiores do noso Concello, para que a coñezan, a redescubran e gocen das súas creacións literarias.

Sen máis, convídvos a gozar da lectura dos traballos premiados na novena edición do Certame Literario do Concello de Ames. Anímovos a trasladarvos e a viaxar a outros mundos e ilusións a través dos textos que se recollen neste volume.

María Eugenia Martín

Concelleira de Cultura do Concello de Ames

TRABALLOS PREMIADOS

NARRATIVA

1ª CATEGORÍA (ata os 13 anos)

- 1º premio:** Título: *O jazz dos soños*
Autora: **Carmela Vieites Figueiras** (Athenea)
- 2º premio:** Título: *O trasno da carballeira*
Autor: **Fiz Pazos González** (Pingüín)
- 3º premio:** Título: *A fabulosa aventura de Tito*
Autor: **Mario Goberna Rial** (Hipo Lito)

2ª CATEGORÍA (dos 14 aos 18 anos)

- 1º premio:** Título: *Un entre un millón*
Autor: **Xaime Santiago Subiela** (Soldadiño)
- 2º premio:** Título: *Onde está Wally?*
Autora: **Sara Azidane Chenlo** (Wally)
- 3º premio:** Título: *Orfo*
Autora: **Aroa Otero Miguéns** (Sudoku)

3ª CATEGORÍA (máis de 18 anos)

- 1º premio:** Título: *O alcalde e a morte*
Autora: **Maruxa Martínez** (Vermeazul)
- 2º premio:** Título: *Miranda e os peixes*
Autor: **Ismael Ramos Castelo** (Acuarios)
- 3º premio:** Título: *A morte de Luís Silva*
Autor: **Alberto Hevia Sierra** (Felix Muriel)

TRABALLOS PREMIADOS

POESÍA

1ª CATEGORÍA (ata os 13 anos)

- 1º premio:** Título: *Gustárame*
Autora: **Claudia Quintans Vinke** (Esmeralda)
- 2º premio:** Título: *O lume en Galiza*
Autor: **Xián Pazos González** (Axio)
- 3º premio:** Título: *Divertirse*
Autora: **Lara Castro Taboada** (Pipo)

2ª CATEGORÍA (dos 14 aos 18 anos)

- 1º premio:** Título: *No intre agre do café*
Autora: **Marcela Porto Mato** (Crocoíta)
- 2º premio:** Título: *Vestixio*
Autor: **Afonso Francisco Traficante Fernández** (Miguel Pitti)
- 3º premio:** Título: *Autodestruírnos*
Autora: **Helena Salgueiro Golán** (Mafalda)

3ª CATEGORÍA (máis de 18 anos)

- 1º premio:** Título: *Epitalamio das cebolas*
Autor: **Carlos Callón Torres** (Pasaxeiro en tránsito)
- 2º premio:** Título: sen título
Autor: **Xulio Cid Neira** (Álvaro Guedes)
- 3º premio:** Título: *En vida, morta*
Autora: **Rocío Leira Castro** (Landra)

XURADO

O xurado do **IX Certame Literario Concello de Ames** estivo formado polas seguintes persoas:

Xosé Antonio López Silva (*escritor e investigador*)

Teresa Noya Barcia (*profesora*)

M^a Rosario Pita Villares (*escritora e actriz*)

En representación do Concello de Ames, actuou como secretaria a técnica de Normalización Lingüística, Rosa Moreiras Cuñarro.


ÍNDICE

Narrativa

- *O jazz dos sonhos*, **Carmela Vieites Figueiras** 17
- *O trasno da carballeira*, **Fiz Pazos González** 25
- *A fabulosa aventura de Tito*, **Mario Goberna Rial**..... 29
- *Un entre un millón*, **Xaime Santiago Subiela** 35
- *Onde está Wally?*, **Sara Azidane Chenlo** 41
- *Orfo*, **Aroa Otero Miguéns** 47
- *O alcalde e a morte*, **Maruxa Martínez**..... 55
- *Miranda e os peixes*, **Ismael Ramos Castelo**..... 65
- *A morte de Luís Silva*, **Alberto Hevia Sierra**..... 73

Poesía


- *Gustaríame*, **Claudia Quintans Vinke**..... 89
- *O lume en Galiza*, **Xián Pazos González** 93
- *Divertirse*, **Lara Castro Taboada** 97
- *No intre agre do café*, **Marcela Porto Mato** 101
- *Vestixio*, **Afonso Francisco Traficante Fernández** ... 107
- *Autodestrúírnos*, **Helena Salgueiro Golán**..... 111
- *Epitalamio das cebolas*, **Carlos Callón Torres** 115
- *Sen título*, **Xulio Cid Neira** 119
- *En vida, morta*, **Rocío Leira Castro** 123



Narrativa

O JAZZ DOS SOÑOS

Carmela Vieites Figueiras (Athenea)



1º premio da 1ª categoría

Antes de comezar, creo que debo facer unhas presentacións. Este que fala entre parénteses é O Outro. Se alguén non o entendeu é máis ou menos como o conto ese de Jordi Sierra i Fabra no qu... (Shh! Non se poden nomear libros doutra persoa por iso do *copyright*, e tes que ter moito coidado, que se non protestan os da SGAE!)

Vale, se alguén non o entendeu, ese que acaba de reprocharme todo iso é O Outro. Outra característica del é que me interrompe en todo o que se me ocorre escribir, mais é mellor non facerlle caso. (Ei!) Coas presentacións ben feitas dá comezo este conto! (Relaato..) O que ti queiras. E a historia comeza... XA!

Un día de verán, camiñaba eu a carón do río, observando os paxaros, gozando do sol... (Ves, xa estás copiando doutros libros!!) Se me dis QUE LIBRO estou copiando, pode que che dea a razón. (Pois... dá o mesmo, iso sae en tantos libros...) Mira..., vai rañar un pouquiño. Pois ía eu paseando cando de súpeto, así, sen máis, un pequeno remuíño comezou a formarse no medio da auga cristalina. Pensei que non era nada (Iso dilo sempre) e proseguín o meu camiño. (Esa palabra existe en Galego?) Cal? (A de *proseguín*) Non che sei, mais por que escribes a palabra galego en maiúsculas? (Pois porque o Galego é o Galego...) ... Seguí camiñando, crendo que non era nada, mais cando escoitei esa musiquiña como de *jazz*... De súpeto absorbeume algo, e antes de poder reaccionar, perdín o coñecemento. (E pasouche algo?!) Non, creo que non, mais ao recobrar o coñecemento estaba nunha sala como debaixo da terra na que había un escenario feito con latas e enriba das latas... (Cascudas bailando e tocando *jazz*!!) Como o adiviñaches!?!?! Pois si amigos, no escenario había un grupiño de cascudas tocando unha peza de *jazz* un tanto melancólica. Pregunteille a un saltón que había por alí (E agora vesme cos saltóns!!! Non che chegan as cascudas!!!) por onde se saía e díxome:

-Ves esas portas que hai arredor desta sala?

-Cre...cre...creo que si -Respondín un pouco asombrada-

-Pois para saír tes que entrar nesa porta grande de cores e encontráste no Historial dos soños, alí están todos os soños que xa pasaron e algúns que aínda están ocorrendo. -Dixo como se fose moi fácil a cousa- .

-E que se supón que teño que facer?

-En primeiro lugar NON DEBES entrar nos soños que están ocorrendo, e en, segundo lugar.. -Aí fixo unha pausa- Tes que encontrar algún soño teu que xa tiveras e resolvelo para que acabe ben, porque, se non acaba ben, no mellor dos casos podes espertar cunha depresión de mil pares de patas e no peor dos casos...

-E no peor dos casos? -Animeino a continuar cun pouquiño de medo -.

-No peor dos casos podes acabar cunha insolación no medio dalgún lugar de Tombuctu. -Dixo de corrido para non asustar moito- .

Cando dixo iso case me dá realmente unha insolación! (Ignorantiña, debaixo da terra NON HAI SOL.) Ah! Que susto me deches! Por certo, por que hai tanto que non me reprochas nada? (Por unha cuestión de estética, nos diálogos non quedan ben as parénteses.) Pufff... que burradas inventas (Vaite denunciar algunha das moitas asociacións protectoras de animais como sigas insultando os pobres burriños). Cala que xa levo unha morea de páxinas e non contei nada. Dirixíame ao famoso historial con moita determinación, mais como non, saltoume outro bechiño deses raros berrando como un tolo “AXUDAAAAA!!” (Bah, seguro que agora interromperás a túa viaxe para axudar a un pobre milpés... es moi predicible.) Eeeem... é difícil darche a razón, mais acertaches en todo menos nunha cousa. (En que?) En que non era un milpés. (Logo que era?) Algo peor... (...ok...). Pedía axuda porque unha familia de formigas fora de viaxe e, sen querer, metéranse nun soño moi enrevesado, que só unha humana podería resolvelo, e patatín, e patatán... Coa cabeza como un bombo aceptei esa misión e por fin, despois de varias interrupcións, entrei no historial.

Era desconcertante. Había un tipo de lenda como a dos mapas na que poñía “Verdes: Soños pasados. Azuis: Soños actuais. Negras: Mellor que non o saibas.” Ao ler a descrición das portas negras, un calafrío percorreume o corpo todo. (Galiña, galiña!) Vaites, non eras ti o das asociacións protectoras de animais??? (NON É O MESMO.) Ao que íamos, as portas tiñan unha xaneliña pola que vías máis ou menos o que había dentro. (Que típico...) Intentando encontrar algún en que houbera formigas, vin un montón de cousas inexplicables como un elefante exercendo de dentista ou sete brancaneves buscando un ananiño. (Iso non é inexplicable.) Pasaron moitas... Horas? Non tiña nin idea, parárame o reloxo. (Esta historia ABURRE.) O que pasou despois xa foi demasiado, mentres continuaba buscando algún soño en que houbera rastro dalgunha formiga, un ruído irrompeu no historial. Abrírase unha porta negra.

(...)

Estaba tirada nunha explanada. Facía frío. Había vento. O ceo estaba escuro. O chan parecía terra húmida. Chovía. Chovía moito. (Xa, e se che parece musiquiña de terror. Non cres que te estás a poñer un “pouco” DRAMÁTICA?!?) Por que tes que interromper todo o que fago!!!! Estábame quedando moi ben a escena!!!! Agora dime ti como sigo narrando?!? (Pois... *Chovía, chovía moito...*) ... as gotiñas de auga esvaraban pola miña cara. Non era consciente de onde estaba, mais tampouco tiña ganas de explorar. Logo durmín nun profundo soño. Nun moi moi profundo soño, e ese, quizais, foi o peor erro que puiden cometer... *NA VIDA.*(Que? Non pensas seguir?)...

(Puff, agora venme esta cos puntinhos!) Que si oh, que xa vou. O que pasou foi que: as portas negras son as que atrapan os pesadelos no seu interior. (Por tanto, en certo modo son boas.) Iso tamén, mais, á parte diso, ás veces ábrense e entran na cabeza de calquera que estea durmindo. (“Que orixinal”) Por tanto... (De por tanto nada!) Déixame continuar a min, que o teu é como unha reportaxe da axencia Efe! A moi parviña fixera xa unha *ghaldrumada.*) *Ghaldrumada*???? (Si, é cando fas un desastre, por

dicilo dalgún xeito.) Ahh... (Metérase nunha porta negra que se acababa de abrir, o que quere dicir que estaba nun soño actual, e aínda por riba, pesadelo. Mais por se isto non fose pouco, a nosa *Ghaldrumeira profesional*, ou debería dicir METEPATAS, quedou durmida no soño doutro, así que fixo un mexunxe de soños do que agora si que non escaparía.) Ok, bastante completiño mais... Vasme deixar continuar??? O que cala outorga así que... Cando espertei sentíame rara. Era todo unha lea, quero dicir, había un bosque, ao lado dun estanque, do que saía un río, que desembocaba nun mar que había alí, e creo que ese mangallón duns oito mil metros era unha montaña. Para que vos fagades unha idea máis clara, todo iso estaba situado nunha distancia dun quilómetro á redonda. (Iso non é posible, o estanque estaría na aba da montaña e o bosque tería entrantes no mar.) Pois si, unha cousa así, só un pequeno detalle, corrección, DOUS pequenos detalles, nun val que había entre a montaña e o mar encontrábase unha pequena vila, (E o outro???) pois que non había nin rastro DE NINGHUNHA FORMIGHA! (A gheada só se leva na casa dos avós.) Había un ruído, bastante forte, como de cousas que caían ao chan... (Esta pasa de min...) baixei por un outeiro (Alá vai! Agora un outeiro!) e, non sei como, mais acabei cos fociños espetados na porta dunha curiosa casaña, (Estou comezando a notar que non me fas caso?!?) Encontrábase moi afastada das outras, (Vou probar cunha provocación a ver se me fai caso...) petei na porta e antes de que me decatase... (HA! “Antes de que me decatase ” di esta. Antes de que ti te decates cáechete enriba un *Ave Fénix* deses de seis metros de envergadura!) Saíu disparada unha Brancaneves montada nunha vasoira! (Isto é grave, non me fai nin un chisquiño de caso!!!! BUAAAAA!!! BUAA!!!!!!) Por que choras? (Porque xa non me fas caso... SNIF!) Que va!! E que fun ao baño e deixei unha gravación posta! (Ah! Vale! De todas as formas contáballo demasiado ben para seres ti.) Xa empezamoos... Brancaneves fixo uns *loopings* no aire e despois unha inmersión en *zigzag* para logo facer unha manobra de aterraxe xenial. Detrás dela saía unha bruxa, non estaba enfadada senón... ORGULLOSA!! Xa me acordaba dese soño, era un que

tivera aos sete anos no que Brancaneves era unha aprendiz da bruxa, mais había uns malvados ananiños que lle regalaran un ordenador deses de *Apple* ao príncipe e ao andar nel atacoulle un *malware* perigosísimo e agora estaba medio K.O. tirado no seu cuarto. (E suponse que tes que axudar a Brancaneves a esperar ao príncipe mentres salvas unha familia de formigas nunha excursión de alpinismo????) Si. (Espera, voulles explicar unha cousa aos lectores: estaba tamén nun soño dun alpinista e as formigas encontrábanse na montaña atrapadas.) Moitas grazas, mais o máis divertido foi como “resolvín” todo ao mesmo tempo, XA VEREDES!

Imos ver, como non tiña toda a noite, pedinlle prestada a vasoira a Brancaneves e de paso leveina á casa do príncipe. O problema foi que a vasoira estaba mal calibrada e espetámonos contra a montaña. Por (case) unanimidade decidimos que me axudaría a encontrar as formigas e despois levaríaa até o príncipe. Andabamos pola montaña cos pés xeados cando de súpeto, o home das neves, ou sexa o IETI, saltou diante de nós. (*IETI????*) Como a maior parte das cousas deste relato son broma, teño que especificar que este non estaba de broma. Negociamos con el, se galleta para aquí, se biscoito para alá... Ese non foi o maior problema do camiño xa que ao final Brancaneves cansou e feriu os sentimentos á pobre besta cunha longa tira de reprimendas. Sen rastro de formigas proseguimos pola montaña ata chegar a unha zona escalable. Cando xa chegaran ao cumio, misteriosamente volveu a cobertura e unha musiquiña soou no *iphone4* de Brancaneves. Se vos digo quen era, non o credes.

Era o bechiño noxento que antes chorara os mil chorares polas formigas e agora viña co “*INOCENTEE!!*”. Mirei no reloxo e era 28 de decembro, día dos Inocentes. Case arrinco os pelos da rabia, cando me decatei de que me acababan de gastar a peor broma da historia e aínda por riba, dende alí arriba víase unha familia de formigas, mais non tiñan cara de asustadas, pois estaban veraneando na praia. Coa vasoira fixemos unha zorra e baixamos até a vila. Foi Brancaneves a que se deu conta de que nos quedaba pouco tempo para espertar o príncipe. Corremos como posesas á


súa casa e entramos no seu cuarto. Brancaneves íalle dar un bico cando de súpeto, sooulle o móbil. Era a súa amiga, a Cincenta, que tiña a lingua como unha cacatúa xa que estiveron falando un bo anaco, que se zapatiños de cristal, que se mazás... o caso é que xusto cando lle deu o bico, o príncipe abriu os ollos, mais un segundo despois refungou e dixo que prefería seguir durmindo por toda a eternidade e todo iso.

Iamos razoar con el, se non, non podería volver á casa, mais o tempo acabárase e todo se esvaera. Non o conseguira, mais, á fin de contas, Tombuctu non estaba tan mal.

(Por certo n...) SHHHH, co chulo que me quedara o final e vés ti estragalo!!!

O TRASNO DA CARBALLEIRA

Fiz Pazos González (Pinguín)



2ª premio da 2ª categoría

Nun lugar de Galiza hai un bosque de carballos que teñen centos de anos. Nesta carballeira viven felices e tranquilos moitos animais e plantas. Isto é posible porque da carballeira coida un trasno moi especial, é o trasno do bosque e chámase Xurxo.

A Xurxo gústalle moito tocar a gaita. E durante o día toca, toca e toca sen parar. Ao principio os paxaros acompañábano cos seus trilos, e os animais bailaban mentres soaba a música, pero o bosque empezaba a estar farto de escoitalo.

As árbores, os animais, as plantas e ata o río fan unha xuntanza para tomar unha decisión.

Os esquiós din que se lle prohiba tocar a gaita, as árbores propoñen expulsar ao trasno do bosque, o río di que a el non lle molesta pois co seu ruído non pode escoitalo, e ás plantas gústalle moito a música do Xurxo e non queren que pare.

Todos empezaron a discutir e a berrar e non se entendía nada, entón un ourizo cacho que levaba toda a xuntanza calado dixo:

- Escoitar! Eu teño unha solución. Temos que tentar taparlle o ronco para que non soe. Que o galo do monte colla co seu peteiro unha landra e a meta no ronco, e así soará menos.

Todos aplaudiron a idea e o galo púxose peteiro á obra. Cando o trasno comezou a tocar a gaita, ao ver que non lle soaba, soprou con tanta forza, e apertou tanto o fol, que a landra saíu disparada e deulle nun ollo ao teixugo.

Unha vez máis, os habitantes da carballeira fixeron unha xuntanza e outra vez empezaron a discutir, ata que a xoaniña Mariña dixo:

- Calar! Xa sei como calalo, que a abella lle pinche o fol da gaita e así non poderá tocar.

Cando Xurxo estaba tocando a Muiñeira de Chao a abella, como se fora un avión de combate, lanzouse en picado co agui llón de fóra cara ao fol, pero non atinou e entrou polo punteiro.


Voltaron a reunirse e despois de moito discutir o habitante máis listo da carballeira, o moucho Xoán dixo:

- A única solución é falar co trasno e acordar que non toque todo o día. A cambio o coello tocará o tamboril, o xabarín tocará o bombo, a donicela tocará a pandeireta e os paxaros cantarán. Así o trasno estará acompañado e gozará máis tocando.

Falaron co trasno Xurxo e gustoulle tanto a idea que se puxo moi contento e o grupo da carballeira foi famoso por toda a zona.

A fabulosa aventura de Tito

Mario Goberna Rial (Hipo Lito)



3º premio da 1ª categoría

Había unha vez un peluche chamado Tito que polas mañás sempre vía como Alberte, o seu dono, ía ao colexio. Un día, pola mañá, Tito escondeuse nun peto do abrigo do neno. De súpeto, Alberte parou nun sitio cun sinal dun autobús debuxado. Axiña chegaron dúas nenas e un neno que parecía de infantil.

Despois de dez minutos, apareceu un autobús con moitos nenos no seu interior e Alberte subiu neste. Dentro, Tito asomouse do peto e contemplou dende alí aquelas vistas da gran cidade.

-Hai moitas cousas! -Exclamou Tito.

Logo, viu outro sinal que poñía ESCOLA A 50 m, e entón Tito decatouse de que estaba dentro do autobús do cole.

Ao chegar ao colexio, volveu asomar a cabeza e... Quedou abraiado! Alí había moitas cousas: bancos, escaleiras, fontes, tobogáns etc. Cando subiron á clase, encontráronse coa profe que lles dixo:

-Nenos, estades preparados para a excursión?

E todos responderon:

-Siiiiii!

Tito, dende o peto, puxo cara de estrañado. Baixaron as escaleiras onde os estaba a esperar o mesmo autobús que os trouxera. Cando subiron, estaban todos moi emocionados. Tito, aínda non sabía moi ben porque marchaban do cole se era día de escola, ata que no autobús sentiulle dicir a Helena, que era a nena que estaba sentada ao lado de Alberte, que ían visitar o zoo.

Na estrada, Tito e os demais nenos viron un cartel que poñía Vigo Zoo, co debuxo dunha cabeza dun oso con follas de carballo e landras. A Tito, deulle a sensación de que habería moitos animais e moitas plantas e pensou: “Atoparei algún osiño coma min?”

Ao chegar ao zoo aparcaron xunto a uns coches, furgonetas e o autobús doutro cole.

Cando entraron no zoo, Alberte colleu un mapa e meteuno no peto xusto onde se escondera Tito.

O peluche abriu con moito coidado o mapa e dixo baixiño:

-Que grande é este zoo!

Antes de comezar a visita, a profe presentoulles o guía que se chamaba Xoán. El explicou que nese zoo había animais que estaban en perigo de extinción. Entón, Alberte preguntoulle:

-Que é un animal en perigo de extinción?

O guía respondeulle:

-Un animal en perigo de extinción é un tipo de animal que co paso do tempo pode desaparecer do planeta debido á caza furtiva ou a que se reproduce con dificultade como por exemplo o lobo ou o lince.

Seguindo máis para diante, viron un recinto grande que parecía de xirafas ou de elefantes, pero ao final, resultou ser de aves-truces. Continuaron a visita ao zoo. De súpeto, encontraron unha rocha xigante rodeada por uns cristais altísimos e a profe preguntoulles aos seus alumnos:

-Nenos, alguén sabe dicirme a que animal pertence esta instalación?

Alberte, Carla, Miguel e Xavier levantaron a man á vez. Primeiro, a profe deulle a quenda a Carla e dixo:

-Cervo.

A profe respondeulle:

-Non.

Despois tocoulle a quenda a Miguel e dixo:

-Chimpancé.

A profe volveu responder:

-Case, pero non.

Entón tocoulle responder a Álbete e dixo moi seguro de si mesmo:

-Mandrill.

A profe sorriu e dixo:

-Si. Como o soubeches?

Alberte explicoulle:

-Doado, cando fixeches a pregunta vin como un mandrill subía pola rocha.

De súpeto, máis á dereita, Tito fixouse en que había un recinto cuns animais moi parecidos a el e dixo:

-Xa me decatou! Son os osos.

Baixou do peto e achegouse ao valo para observalos máis de preto e sabedes que lle dixeron:

-Hai un osiño igual a ti na tenda de agasallos.

Tito preguntoulle:

-Como o sabedes?

Os osos responderon:

-Porque hai unhas horas, vin pasar uns xemelgos con cadanseu oso de peluche.

Antes de saír do zoo, foron ao museo de bioloxía onde lles deron unha charla sobre a fauna e a flora que os rodeaba. Logo, ensináronlles un esqueleto dunha xirafa e Alberte exclamou:

-Vaia, que grande é!

Despois foron a unha sala para pintar e alí agrupáronos de tres en tres. A Alberte tocoulle con Brais e con Laura. Tamén lles deron debuxos de animais. A Alberte tocoulle o dun xabaril e dixo:

-Que medo! Non sei se poderei durmir con ese animal tan feo na habitación.

Alberte mirou estrañado cara aos lados porque non sabía quen acababa de falar.

Brais preguntoulle:

-Entón, cal é o teu animal favorito, Alberte?

Alberte respondeu:

-É o meu oso de peluche, chámase Tito.

Tito emocionouse ao escoitar iso e deu un pinchacarneiro no peto. Alberte notou un movemento no seu abrigo pero pensou que lle estaba tirando da carapucha.

Laura dixo impresionada:

-Eu tamén teño un oso de peluche, vaia, en realidade unha osiña de peluche que se chama Princesa.

Ao saír do zoolóxico puxéronse en marcha cara á escola.

Cando por fin chegaron á casa, xa eran as 15.30 h e tiñan moita fame. Ademais esa tarde Laura ía coa súa osa de peluche xogar con Alberte.

Ao chegar Laura, Alberte colgou o abrigo na percha e, de súpeto, Tito caeu do peto e dixo:

-Au! Que dor!

Daquela, Laura e Alberte dixeron á vez:

-Podes falar! -Exclamou Laura

-Podes falar? -Preguntou Alberte.

Tito respondeulles:

-Si, e Princesa tamén pode.


Princesa engadiu:

-Iso é certo. Todos os osos, tanto os de peluche coma os de verdade podemos falar, pero lembrade, só os osos, e por certo, non llo contedes a ninguén.

Desde ese día, Alberte e Tito non se volveron separar nunca máis.

UN ENTRE UN MILLÓN

Xaime Santiago Subiela (Soldadiño)



1º premio da 2ª categoría

Velocidade, axilidade, precisión. Estas calidades son as necesarias para sobrevivir nestas paraxes nos que me atopo. Estamos todos completamente mentalizados. Ao saír aí fora non haberá amigos nin inimigos soamente cada un consigo mesmo. Un mínimo despiste pode ser letal. Cada un dos que aquí estamos deberá correr sen pausa en campo aberto ata chegar ao noso destino. As únicas armas que levaremos serán a nosa determinación, coraxe e sangue fría que serán totalmente inestables ao saíres aí fora. Debemos correr ata o noso obxectivo ou morrer no intento.

O noso superior quere foder ben ao inimigo pero el queda na casa ao quente mentres nos temos que saír a furarlle as entrañas ao primeiro individuo que collamos por diante. Ningún de nós sabe con exactitude que é o que hai fóra pero todos estamos seguros que non vai ser un paseo polo parque.

BRUUMM, BUM, BUM.

Por se aínda nos quedaba algún asomo de calma, o chan e toda a base comezan a tremer. Ningún dos que está aquí viviu antes un tremor deste tipo pero contan que a última vez que o houbo tívose que realizar a evacuación total. O inimigo xa tiña todo calculado e atrapou a todos os membros do exército nunha trampa preparada á saída da mesma.

BRUM, BUM, BUM.

Cada vez os tremores teñen máis intensidade pero negámonos a evacuar ata que sexa estritamente necesario.

-Auga! Auga! Inundación!

A planta baixa comeza a inundarse a gran velocidade. Agora si que é estritamente necesario evacuar. Por sorte o deseñador da base pensou nestes casos e equipouna con dous ascensores enormes con cabida para todos. Ao chegar á metade do percorrido abandonamos estes para introducirmos nun único ascensor que nos leva ao exterior.

Subimos a gran velocidade pero a auga logra alcanzarnos no punto intermedio e comeza a cubrirmos. Cando xa solo nos asoma

a cabeza e a cabina que nos transporta a gran velocidade cara ao exterior non semella que vaia a chegar...Pshhh! Saímos disparados cara ao exterior xunto cun mar de auga, coma se dun geysir se tratase. Aterramos violentamente nun terreo húmido escuro e cálido, probablemente nun pantano.

Tras a primeira impresión e o asombro unha voz sácanos do noso ensimesmamento.

-A correr! Recordade as instrucións!

Corremos a cegas como tolos, cada un nunha dirección . De súpeto a miña carreira vese freada por unha parede. Guiándome por ela avanzo ás atoutiñadas coma quen se acaba de levantar e se guía polo instinto.

A medida que os meus ollos se van afacendo á escuridade vou perfilando a forma de aquela cova. Atopámonos nunha especie de corredor que anchea contra o fondo e remata en algo semellante a un desfiladeiro. Ao chegar ordenámonos tranquilamente para pasar... Era boa! aquí o que non corre voa e ninguén que re quedar atrás. Con pena vexo como algúns morren esmagados baixo os outros e escoito os berros desesperados dos que quedan atrás suplicando auxilio. Síntome impotente ao non poder axudalos e iso fai que a miña determinación afrouxe.


Tras o desfiladeiro topámonos cunha grande sala abovedada igualmente húmida e abafante. Seguimos avanzando a duras penas a causa deste líquido viscoso que cobre a metade do noso corpo. Moitos réndense e déixanse fundir para non volver saír nunca. Peor que calquera inimigo ou perigo é a desesperación de verse só ante o destino, desprotexido. Ver como os teus iguais morren por non encontrarlle sentido a esta carreira. Faite sentir baleiro e cuestionar a idea de que haxa algo máis alá desta cova que a morte.

Ao fondo da gran sala topamos unha bifurcación. Ninguén se para a discutir cal será a boa, simplemente cada quen escolle o camiño que lle parece. Sen despedidas. Sabemos que non nos volveremos ver aínda que os dous túneles se xunten un metro

máis adiante. Cada un de nós está agora pechado no seu mundo, na súa reflexión, buscando algo que nos manteña a esperanza e as ganas de vivir e proseguir. Ninguén sabe en que cona andamos, e máis, dubido que moitos dos individuos que avanzan xunto a min non sexan máis que corpos sen vida que vagan errantes. Estou sumido nestes pensamentos cando todos comezan a acelerar, e eu como movido por unha forza invisible corro con eles logrando achegarme á cabeza. Dende alí albisco o noso obxectivo, esa utopía que levamos tanto tempo intentando alcanzar. O traxecto acurtase e eu avanzo á cabeza con catro compañeiros á par, aínda que agora me semellan inimigos. A carreira é intensa e perdo as forzas con rapidez. Sinto como o mundo se vai esvaecendo ante os meus ollos pero non podo parar, non despois de tanto sufrimento. Apuro as últimas enerxías que me quedan e un último e desesperado impulso do meu flaxelo decide que sexa eu o que dea comezo á vida dun novo ser.

Onde está Wally?

Sara Azidane Chenlo (Wally)



2º premio da 2ª categoria

A cidade cheiraba misteriosamente a can mollado, e a noite, perfectamente estrelada, non deixaba lugar ao medo, á angustia. As rúas estaban masificadas de estranxeiros, asombros de paso, que só buscan a foto perfecta, esa que acabará no fondo de calquera caixón, testemuña dalgún lapso aventureiro. Parecía case imposible que nesa imaxe prefabricada de axencia de viaxes cutre aparecera un home xigantesco e coa súa nove milímetros lle rebentase a cara a un vendedor ambulante, deses que por dous pesos che venden un ril, deses que por darlle un pouco de pan aos seus fillos aguantan as burdas parvadas dos turistas. Así que mentres o home se desangraba no enlousado, todos os alí presentes fixeron bo uso das súas respectivas pernas e correron coma se o mesmísimo cancerbeiro fora tras deles.

Testemuñas ávidas de contar a súa versión dos feitos agolpábanse tras as barreiras, e é que tiñan a necesidade de sentirse importantes, a chave do crime, parte do atrezo de Sherlock Holmes. Outro tipo de criaturas tamén pretendían traspasar as liñas de contención: os xornalistas. Duplion odiábaos, e non eran a escala máis noxenta da estrutura mediática, pero non soportaba as súas continuas e tradeantes preguntas, a súa sensación de superioridade. Total, para que? Se, ao fin acabarían contando a súa propia historia, como lles conviñera. Cada vez que pensaba que a opinión dos cidadáns dependía tantísimo daquelas monas con pase de prensa sentíase un pouco... mal. Acercouse paseniño ao cadáver do home. Unha pena, coma sempre.

- François, que temos?- inquiriu o detective Duploin.

- Pois a verdade, é que nada, señor, non o podo entender. Este home non tiña ningún tipo de documentación nin rexistro. Tiña unha filla pequena de dous anos, nada máis. Nin amigos nin familiares. Nada.

- Ten que ser unha broma.- Duploin abriu os ollos coma pratos.

- Pois espere a ver o que lle teñen preparado os forenses. Ciencia ficción da boa, xefe.

Tres días despois Duploin atopouse a si mesmo tendido na cama, desfeito por aquela investigación maldita, que parecía nunca esclarecerse. Tirar un pouco do fío sobre o que camiñaban supoñía que toda unha avalancha de truculentos sucesos os afogara nun tempo e nuns medios de investigación que non tiñan. O asasinato do xitano inexistente non foi máis que o odiado comezo. Nunca debeu levar ese caso, estábao consumindo. E é que logo de atopar unha enorme esvástica gravada con lume en todo o lombo do morto, xa nada tiña sentido. Nada coincidía, non atoparan á filla, mesmo dubidaron da súa existencia, e, o que era realmente increíble, era que ese home aparecera no mundo xusto para morrer e para protagonizar todos os suplementos dominicais dos xornais. Imposible, verdade? Por outra banda, estaban as noxentas organizacións racistas, que agora ningunha quería cargar co morto, nunca mellor dito. Todo era rebumbio, ruído, pasos en falso, e medias verdades. Algo tiña que faltar, unha estraña corda que unira todos os anacos: persoas inventadas, descendencia inexistente e xente que vai polo mundo marcando vendedores ambulantes, porque dende logo aquela cruz deforme non era unha marca de nacemento.

Duploin ergueuse, e dispúxose a volver á comisaría. Eran as catro da mañá. Non se podía sentir máis so. Saíu do cutre motel que era o seu verdadeiro fogar durante a investigación e camiñou polas desertas rúas. Evadíase do seu corpo mentres pensaba, a análise afogábase, estaba moi perdido. Os seus monótonos pasos seguían un camiño aprendido de memoria. Chegou finalmente á comisaría, e formulou a mesma pregunta retórica de todos os días:

- François, que temos?

- Nada, xefe. O mesmo que cando comezamos, ou menos... Ten que entender Duploin que estamos tratando con grupos racistas, dos que moitos dos nosos homes forman parte, sen falar dos de máis arriba. Aquí ninguén é racista, iso xa está pasado de

moda, pero o discurso fácil do odio vende. Así que ningún se vai preocupar por un fulano que nin sequera ten nome.

- Cerrarán o caso, verdade?

François asentiu. Comezaba a amencer, e o día semellaba longo, moi longo. Así que Duploin camiñou derrotado por entre as mesas baleiras, e subiu esgotado as escaleiras que conducían aos pisos máis altos. Chantouse diante da porta do comisario xefe, respirou profundo, dende o estómago, e abriu a porta.

- Señor.- saudou Duploin.

- Ah, detective Duploin, con vostede quería falar. Sente por favor. Que tal se atopa?

- Deixémonos de formalismos. Van cerrar o caso?

- Amigo, síntoo, pero estaba cantado. Todo isto está tocando a sensibilidade de moita xente, aquí témonos que respectar uns a outros, todos somos compañeiros. Escóiteme con atención, Duploin: estamos a un mes das eleccións e ningún partido permitirá un escándalo coma este, e sendo realistas, moitos teñen propostas racistas nos seus programas electorais, e non hai problemas, saíran elixidos. Contra iso non podes loitar, xa me entendes....

- Non, señor, non o entendo- interrompeuno Duploin- É unha mala broma o que está a ocorrer: cando a nosa vocación é protexer aos cidadáns, son eles quen se teñen que defender sos...

De súpeto o semblante do comisario virouse escuro, e os seus beizos conformáronse nun espantoso aceno de noxo. O detective ergueuse marchou dando un rotundo portazo. Chorar convertérase nun tópico nesas situacións, e aínda así meteuse nos baños, e a patadas rebentou a papeleira. Que lonxe chegaran as truculentas poutas do corrupto poder. E xa non era pola morte do home, ou pola odisea que debeu ser a súa vida. Era precisamente o feito de que nese momento un cachiño da súa conciencia podrecía baixo o apestoso cheiro da moral traizoada. Saíu dos lavabos, e correu escaleiras abaixo, non mirou a ninguén agora que a oficina estaba chea. Todos eses compañeiros non eran máis que falsas sombras


das persoas que realmente eran, persoas que odian, que culpan. Pronto chegou ao vestíbulo, e como supoñía, as noxentas ratas parasitas estaban alí, agardando a ter algún tipo de noticia co que entreterse o resto da mañá. Non sabían o que lles viña enriba.

O detective Duploin entrou en directo no programa matinal da televisión nacional ás 11.47 horas dende a sé policial. Centos de miles de persoas alleas ao histórico discurso que ían a presenciar, viraron a súa cabeza cara á pantalla do televisor e dedicáronlle trinta gramos de concentración.

- Comunícolles que oficialmente o caso Wally queda pechado. Gustaríame tamén presentar a miña dimisión publicamente, e desvincularme da terrible atrocidade que se comete tirando ao vendedor descoñecido ao caixón dos problemas imposibles, cando se presenta unha oportunidade case perfecta para conseguir dunha vez esmagar a peor das pestes no noso tempo: o odio. E mentres que eu esnaquizo a miña carreira profesional, poderosos partidos políticos xogan e manipulan ao seu antollo o cómodo discurso racial, apoiándose en argumentos medievais, e o pobo, nestes momentos de recesión, culpa, escúsase. Volver á simple convicción da superioridade, mais, con que autoridade? Que divina iluminación nos da o poder de vulgar a un colectivo e non ao individuo? Somos deuses? Virarnos cando un problema nos chama desesperadamente a berros non é dende logo unha posible solución. Quen nos virá socorrer cando o odio nos enfronte, e cando os nosos corazóns estean podres de superioridade? Poida que o caso Wally merecese xustiza, mais iso nunca o saberemos.

ORFO

Aroa Otero Miguéns (Sudoku)



3º premio da 2ª categoría

Cando se fala de orfos pénsase en nenos pequenos, descoitados, sen casa ou internados en orfanatos, sempre tristes e famentos. Pois ben, por desgraza, encadraba nesta descrición. Con todo, agora xa non o son. Todo grazas a miña nai adoptiva. Ela acolleume, fíxome formar parte da súa familia e leva comigo desde os 12 anos.

Chámome Carlos e teño 14 anos. Aos 6, perdín aos meus pais nun accidente de tráfico. Durante dous anos, estiven vivindo cos meus tíos, pero estes, xa tiñan suficiente cos seus problemas como para ocuparse de min. Por tanto, ingresei nun orfanato, onde era obxecto de burlas e a boa convivencia e a hospitalidade brillaban pola súa ausencia. Pasei 4 anos neste orfanato e odiaba a vida que levaba nel, polo que me pasaba as noites planeando a fuxida. Estiven a esperar o día adecuado para levalo a cabo, ata que ese día chegou.

Era un día nubrado e escuro, un día dos que colles o paraugas polo se acaso; un día ideal. Acababa de chegar o panadeiro cos bolos para o almorzo e como era sábado, estaba un pouco máis atarefado, xa que debía deixar bolos para o sábado e para o domingo. Mentres o panadeiro ía á cociña a descargar a comida e a directora do orfanato axudáballe, eu aproveitei que estaba a porta medio aberta para escapulirme. Ao saír atopeime coa furgoneta do panadeiro que estaba aberta para non entorpecer o seu traballo. Entón, decidín subirme para afastarme o máximo posible do orfanato. Dentro da furgoneta había caixas de varios tamaños. A máis grande, e na única que eu cabía, tiña unhas cantas barras de pan, aínda así metinme dentro e tentei encollerme o máximo posible para non ser visto. Logo duns cinco minutos, escoitouse un portazo e o ruído do motor ao acenderse. Empezabámonos a mover. Ao atoparme dentro da caixa non sabía a onde nos dirixíamos, pero o que si notei foi que transitabamos unha estrada con moitas curvas e fochancas, xa que a caixa non paraba de moverse dentro da furgoneta e de chocar contra as paredes. Aos dez minutos de traxecto a furgoneta detívose. O panadeiro saíu do coche e dirixiuse á parte traseira para abrir as portas e descargar a mercadoría. Puxo a caixa onde eu me agochaba, nunha carretilla para

poder transportala máis comodamente. Para poder ver a través da caixa, fíxenlle un pequeno buraco. Estabamos nun lugar con moita vexetación, onde sobre todo abundaban as árbores. Estes, proxectaban a súa sombra sobre un chan de terra húmida, grazas ás primeiras pingas da tormenta que se avecinaba. Quizais por isto, reinaba no ambiente unha tranquilidade artificial e inquietante que aumentaba o meu nerviosismo e facíame sentir como un “okupa”, pero de caixas.

Sentín como a miña caixa e eu nos elevábamnos do chan e iniciabamos un pequeno percorrido. Cando nos detivemos, atopámonos diante dunha panificadora. Era moi grande, pero por mor dos anos, a fachada presentaba unha gran deterioración. A cor predominante era o gris, polo que, o máis impresionante, era a cor vermella intensa dun cartel que rezaba en letras maiúsculas: “PANIFICADORA: AO PAN, PAN”. Mentres observaba isto, percibín como nos volvíamos a mover, esta vez, cara ao interior do gran edificio. Logo duns cuantos pasos, vin que nos dirixiamos cara a unha gran porta marcada cunha cruz negra. Entón escoitei o ruído dunhas voces que dicían:

-Onde metemos a mercadoría?

-Pona dentro que parece que vai chover e non quero que se estrague.

Supuxen que se estaban a referir ao pan, á fariña ou a algo semellante, pero non puideren continuar escoitando, porque de súpeto, oín un portazo co conseguente son dun cadeado e nese momento fíxose o silencio. Cando me convencín de que non había ninguén nesa estancia, decidínme a saír. Era un lugar sucio e escuro e a única luz que iluminaba tenuemente a sala proviña dun ventanuco que se atopaba a tres metros de altura. Neste sitio había varias caixas repletas de pan, as cales non me pareceron suficientes para tratarse dunha panificadora tan grande, supuxen que estarían noutra estancia. Nese instante, caín na conta de que me atopaba atrapado nun lugar pechado por fóra, no cal entrara sen permiso e non debería estar. Debía buscar a maneira de saír de aí. O único sitio polo que podería escaparme era aquel ventanuco

inalcanzable. Entón, tiven unha idea, xuntei varias caixas e apiñeinas unhas encima doutras, apoiadas contra a parede da xanela. Con cinco, xa bastaba para chegar á ventá, polo que empecei a gatear até conseguir alcanzar o cumio da morea de caixas. Para poder saír tiven que pegarlle unha patada ao ventanuco, pois non había outra maneira de abrila. Os anacos de cristal, voaron polo aire, con tal mala sorte que uno feriume a man esquerda. Non debía entreterme e aínda que me doía moito a man saltei sobre un anaco de esponxosa herba que amorteceu a miña caída. Unha vez no chan, esgacei un anaco da manga da miña camisa para poder cortar a hemorraxia. Fixen un nó con ela na man e púxenme de pé para fuxir das proximidades do edificio. Entón, boteime a correr para internarme no bosque e non ser visto. Ao cabo duns cantos minutos detívenme nun pequeno claro, no cal decidín quedarme a pasar o resto do día. Durante toda a tarde, dediqueime a recoller algo de leña e a cortar varias ramas para poder facer unha fogueira e unha especie de cama. Con todo isto, pretendía pasar a noite nun bosque estraño e descoñecido para min. Sentíame só e descoidado e todas estas sensacións formaban un bule de pensamentos na miña cabeza que non me permitían conciliar o sono. Nun momento dado, pasouseme pola mente volver ao orfanato, pero esta idea pronto se me borrou, posto que quixen crer que este pensamento era pasaxeiro.

Ao día seguinte, espertei de súbito. Se non me equivocaba, acababa de escoitar uns berros. Proviñan da panificadora e estaba seguro de que os emitía unha persoa. Aínda que estaba moi canso, xa que pasara unha noite moi intranquila, a curiosidade levoume ás proximidades da panificadora. Alí, escondinme entre unhas matogueiras próximas á porta traseira do edificio. Afinei o oído. Tratábase de varias voces. En concreto, de dúas voces e unha última que só emitía xemidos e que por veces berraba. Parecía que estaban a discutir ou pelexándose por algo. Neste asunto había algo raro. Non era posible que á primeira hora da mañá houbera semellante alboroto nunha panificadora que debería estar facendo pan. O normal sería o ruído propio das máquinas ou o falar animado dos traballadores, pero aquí as únicas voces

eran as daquelas persoas. Mentres eu estaba mergullado nesta reflexión os berros cesaran e a porta que eu tiña á miña esquerda abriuse de golpe. Saía un home con dúas caixas moi grandes. Tiña cara de moi malas pulgas e parecía algo acalorado. Supuxen que viña da discusión anterior. Aproveitando que deixara a porta aberta, coeime na panificadora. O ambiente era tranquilo, demasiado tranquilo. E ese era o problema. Supúñase que debía haber traballadores de aquí cara alá, cargando con mercadorías. É dicir, o trafego propio dunha fábrica, pero non era así. A sala onde me atopaba era ampla e as paredes estaban repletas de grandes portas que levarían a outras estancias. Todas as portas eran grises, excepto unha que tiña pintada unha cruz negra. Esa era a porta que conducía á sala onde eu estivera. Era a única porta que tiña unha marca. Por que sería? Xa sabía que nesa habitación había caixas con pan, pero estaba intrigado polo que podería haber nas outras, xa que neste sitio non todo era o que parecía. Levado pola curiosidade abrín outra porta e entrei. Como na outra habitación había varias caixas, pero a miña sorpresa foi maiúscula cando descubrín que estaban cheas de cobre. Nesta habitación había metros e metros de brillante e vermello cobre. Quedei impresionado. Isto non podía ser unha simple panificadora. Algo non ía ben. Como eu era moi desconfiado, decidín saír da estancia e abrir outra porta. Se cadra, para a maquinaria necesitábase usar este metal? De novo, máis cobre. Isto non era normal. Algo non cadraba e eu íao descubrir. Volvín saír deste cuarto e abrín a seguinte porta. Aquí non había cobre, pero igualmente leveime unha gran sorpresa. No centro da habitación había unha muller de mediana idade sentada nun feble tallo. Estaba amordazada e atada de pés e mans ao tallo. Non podía falar nin moverse. Estaba sucia, despeiteada e desarraxada. Encima dela había un foco de luz que iluminaba a estancia. Víase cansada e derrotada, cos ollos tristes e chorosos. Daba a impresión de que levaba alí varios días e de que non recibira moi boa atención. Eu tiña a impresión de que a vira antes nalgún lugar, mais non lle dei moita importancia. Cando me viu ilumináronselle os ollos. Seguramente era a primeira vez que vía a alguén distinto en moito tempo. Fíxome acenos coa cabeza para

que me achegase a ela e retiráselle a mordaza. Entón dixo:

-Grazas a Deus! Por favor, rompe as miñas ataduras e vaiámonos de aquí! Non podo explicarche nada de momento, pero prométoche que o farei. Agora o máis importante é escapar deste inferno.

Agarroume pola camisa e tirou de min. Saímos os dous correndo desa habitación o máis rápido posible. Mentres, ela íame dicindo:

-Imos facer algo, en principio, non moi correcto, pero confía en min.

Pedíame que confiara nela e non a coñecía de nada! Aínda así, non opuxen resistencia, posto que non tiña onde ir, nin que facer. Pensei que non tiña nada que perder. Arrastroume fóra do edificio e conducíume a unha furgoneta. Fíxome subir e ela púxose ao volante. Nun dicir amén, acendeu o motor e arrincou dando un volantazo. Ía moi rápido, tanto, que o que había na parte traseira daba fortes golpes contra as paredes. Saímos do bosque e incorporámonos á estrada nacional. Logo de que uns condutores nos fixesen luces, bucinazos e demais protestas, chegamos como unha exhalación a unha comisaría de policía. Ao baixar da furgoneta mandoume levar unha das caixas que había no maletreiro. Entramos na comisaría e pronto non atendeu un policía.

-Cal é o motivo da súa visita?

A muller que estaba moi nerviosa comezou a relatar a súa historia:

-Son a directora dunha gran empresa de telefonía. Desde hai varios meses vimos advertindo a falta de moitos metros de cobre nesta localidade. Como os detectives que mandei a investigar non descubriron nada e as denuncias presentadas non produciran efecto, decidínme a investigalo por min mesma. Cheguei a este municipio hai dúas semanas e fixen garda en varios dos puntos onde a miúdo desaparecía o cobre. Unha noite conseguín ver aos autores dos roubos, pero antes de poder facer nada, eles atra-

páronme e inmovilizáronme. Estiven outra semana secuestrada nunha suposta panificadora co nome de “PANIFICADORA: AO PAN, PAN”. Grazas a esta tapadeira conseguían obter e almacenar o cobre sen levantar sospeitas. Todo foi así até hoxe, que apareceu este mozo e me liberou. Por iso estou aquí e gustaríame que fosen revisar esa suposta panificadora e visen a cantidade de cobre que teñen alí. Supoño que logo o venderán no mercado negro, para gañar unha boa cantidade de diñeiro. Iso é todo.

O policía limitouse a responder:

-Agora mesmo imos. Non se preocupe, colleremos a eses ladróns e a lei fará o resto. Só unha cousa máis. Eles saben que vostede se escapou?

-Creo que non, non nos viu saír ningún.

-Perfecto. Así poderemos collelos desprevidos. Xa se poden ir.

Agora, xa sabía de que mercadoría falaban aqueles homes o primeiro día que entrei na panificadora e para que querían tanto cobre. Ao saír da comisaría ela preguntoume:

-Xa sabes a miña historia. Gustaríame saber a túa. Por que estabas alí?


-A ver... Eu son orfo. Vivía nun orfanato e como estaba farto desa vida decidín escaparme. Coincidiu que o día que o fixen veu o suposto panadeiro desa panificadora “AO PAN, PAN”. Metíme na súa furgoneta e cheguei ao bosque de onde vimos. Ao día seguinte, escoiteivos berrar e entrei na panificadora para pescudar que pasaba. O resto, xa o sabes.

-Ou sexa que es orfo. Pois tranquilo, xa tes familia. Se ti queres, claro.

Destá maneira, coñecín a min nai adoptiva e pasei a formar parte dunha familia con dous irmáns máis. Fun aceptado como un fillo máis e dende aquela a miña vida cambiou. Pódome considerar afortunado, xa que atopei unha familia que me quere e á que quero.

O ALCALDE E A MORTE

Maruxa Martínez (Verme azul)



1º premio da 3ª categoría

Xa non quedaba nada para que fosen as eleccións municipais en Paradela de Orvelle. Era peor ca o Nadal e a Semana Santa xuntos. Promesas, propaganda, amiguismo, carretaxe de xente arriba e abaixo en ceas e mitins que máis ben semellaban reunións de venda de enciclopedias a xubilados. Sería mentir dicir que montar todo aquel tinglado era fácil, ou que o único que os candidatos ansiaban era conseguir o poder. Dalgún modo, no fondo das súas almas, pensaban que o que facían estaba ben, que debía facelo alguén e que ese alguén debían ser eles porque o resto da vila estaba habitada por ovelas con dereito a voto. Así que velaí os estaban, o Tucho contra o Milo, todo un duelo de titáns de aldea, expertos na matanza do porco. Ambos eran o tipo de persoas que poden matar un coelliño dun único golpe seco na caluga. Era arrepicante.

Os dous únicos candidatos presentábanse por partidos locais, independentes das siglas doutras formacións estatais. Tiñan similar idade e hábitos e crenzas, mesmo os seus programas eran semellates. Realmente podían ser cómplices na vitoria, pero existía unha especie de idea flotando sobre a vila segundo a cal só podía gobernar un, así que había que loitar a morte por conseguilo. Tucho ou Milo, só un podía sobrevivir a esta lexislatura.

A sete días das eleccións, o domingo moi cedo pola mañá Tucho levantouse porque quería regar antes de que o sol mallase con máis forza. Cando estaba no baño a punto de mexar aparecéuselle a Morte. El volveu rápido meter a pirolña dentro do pixama e a piques estivo de berrar de non fose porque a Señora Morte lle fixo un aceno coa man, o equivalente a *Ssshhh*.... Tucho era un bo católico e estaba indignado, aquilo era totalmente inapropiado. Que facía un estraño a esas horas da mañá presentándose na súa casa sen avisar? Que facía no baño axexándoo cando ía mexar? A el! Que era un home casado e cristián!!

A morte era un muller, iso todos o sabían, e non debía estar alí. Tucho xesticulaba en silencio moi contrariado como querendo queixarse. A Morte, unha señora que xa vira moito na súa traxectoria por este mundo, non daba creto a que aquel individuo

estivese máis preocupado polo pudor ca polo que lle quedaba de vida. Ela ía avisalo de cando ía fenecer para darlle tempo a que deixase os seus asuntos resoltos; ía darlle ese privilexio por unha simple cuestión de azar, non porque este home fixera moitas cousas boas en vida. Con todo esta situación tan estraña fixo que a Morte dubidase de se debía levalo. O camiño cara ó Alén era longo e algo neste tipo a botaba para atrás, así que non quería telo de compañeiro de viaxe tanto tempo, déralle moi malas vibracións. Ela decidiu axiña que non o ía levar canda si, pero algo produtivo tiña que sacar da súa visita, senón deixarían de respetala.

-Queres vivir máis tempo? -díxolle a Morte baixoíño.

-Quero!

-Tucho!! Que rosmas? -dixeron desde a cama.

-Nada, Pura Vai facer o café! -díxolle á muller-.

-Quero vivir. Quero. E logo, xa me toca?

-Podemos chegar a un acordo. Que me ofreces? -a Morte era unha experta negociadora.

-Se gaño as eleccións podo darche o que queiras.

-Tucho, non o entendes. Eu non che darei a vitoria, non son o Demo. Só che garanto que vivirás. A cambio tes que ofrecerme algo.

-Carallo! Pois... Podo darche o carballo centenario que hai xunto á igrexa de Santa Cristina, é da miña familia, agora é teu para sempre.

-Boa decisión. Acepto.

-Pois ata dentro de moito, logo.

E a Morte liscou. Foi xunto ao carballo e quedou subida nel pensando o que ía facer despois desta improvisación. Tiña que levar a alguén pero... a quen?

Logo de traballar algo no horto, ir lavarse e almorzar, Tucho foi á misa, porque era domingo. Poucas veces oíra un sermón tan

inquietante, só falaba do Inferno, do terrible que é, da pena, da dor e do medo, do castigo. Todo o que non se lle ocorrera durante a visita da Morte no baño víñalle agora á mente. Non quería morrer, tiña moito medo. Comezou a poñerse nervioso... Como trocar un carballo ía evitarlle a morte? Era imposible! A Morte rírase del. Tucho dáballe voltas, non cría estar a salvo e pensou no soa que quedaría a súa Pura sen el. O mínimo que ela merecía era ser a viúva dun alcalde, e non dun simple labrego. Pura fora moi fermosa de nova, sempre engalanada e refinada, pero tamén sabía traballar, non era unha finolis. Era unha gran muller, o suficiente para merecer ser a viúva dun alcalde. Tucho debíalle cando menos iso.

Así pois, marchou na procura de quen o puidese axudar. Despois de comer, mentres Pura lavaba os pratos e pensaba que el durmía a sesta, Tucho comezou a rosmar “Satanás, renego de Cristo, acúdeme” “Satanás, vén a min, eu precísote”. Así repetiu varias fórmulas máis ben improvisadas que a el lle pareceran moi acaídas para a ocasión. Nisto, Lucifer fixo, por fin, acto de presenza. Tucho tусiu un pouco coa explosión da nube de xofre, pero ficou contento de que as súas oracións fosen escoitadas tan de inmediato -algo que con Cristo nunca na vida lle sucedera-.

-Que, Tucho? Queres gañar as eleccións municipais, eh?

-Raio! Ti es omnisciente tamén?

-Hom... Agardabas menos? E logo, que máis queres?

-Quero que a miña Pura sexa a viúva do alcalde.

Ao oír isto Lucifer case tolea coas ganas de escachar coa risa. Pero contívose abondo porque, igual que a Señora Morte, Belcebú era experto en tratar cos humanos e sabía que había que gardar as aparencias e non perder nunca a compostura. O certo é que esta pasou á historia como a primeira vez que alguén lle pedía ao Diaño a súa propia morte.

-Como? Por que ías querer iso?

-Pois porque a Morte veu onda min e creo que me enganou.

Fíxome crer que non me vai vir buscar, pero non me fío dela. Xa se sabe que as mulleres... A cuestión é que me quero asegurar de que a Pura lle vai ir ben logo de que a Morte me leve.

Calquera persoa pediría a xuventude eterna, ou alongar a saúde polo menos ata chegar aos cen anos. Pero Tucho tiña a típica mentalidade ruín e desconfiaba de todo, mesmo da Morte, que nunca mente. O Demo era consciente do paspán que era o candidato á alcaldía e de que non vía as posibilidades do trato: cando o Demo entraba no xogo podía negociarse absolutamente todo e, por suposto, evitar a Morte.

-A cambio quedarei coa túa alma en propiedade por toda a eternidade. Sábelo, non si?

-Queda con ela. Nunca souben para que servía...

Satanás, de ter sido piadoso, incluso sentiría pena por este individuo e pola súa necidade. Pero os negocios son os negocios e o trato xa estaba pechado. Así que... nin pena nin gaitas. Ao longo desa semana o Demo foi vagando pola vila, pensando nas posibles formas e escenarios do seu grande acto de quitarlle a vida e a alma ao inútil do futuro alcalde.

Cando atopou pensativa á Morte subida ó carballo quedou estrañado.

-Que, Morte? Que fas aí arriba?

-Ola, Satanás! Pois... mudáronme os plans sen telo previsto. Agora ando pensando a quen levarei, pero non me gusta levar a quen non lle toca...

-A ver, ti viñas buscar ó Tucho, non é? -a Morte asentiu-. E trocácheslle este carballo porque seguira vivo, -a Morte volveu asentir coa súa capucha negra-. Pois el deume a súa alma a cambio de facerlle gañar as eleccións. Pero isto é o mellor, atende: non creu a túa palabra de que fose vivir e pedíume que convertese a súa muller na viúva do alcalde!! Que parvo é!!

-Merda! E logo como non o evitaches? Non ves que non quería levalo? Non che me gustou nada este fulano. Estouche xa algo

farta de mortos miserables. Cos séculos estoume volvendo algo antisocial...

-Entendo, non queres oír toda a súa retrónica de lamentos mexeriqueiros de camiño ao Averno... Pero miras, sabes o que? Pódoche emprestar unha gaiola especial que teño; calquera becho que pechas alí queda en silencio permanentemente. Eu úsoa para casos destes.

-Vaia, ho! Iso sería estupendo, Lucifer! Non sabes como cho agradezo...

-Non é nada muller! Estamos para servirnos, ou que?

E así foi pasando a semana. O Tucho ía facéndose vello a medida que pasaban os días. Tiña medo, xa non lle importaba contentar ao pobo porque sabía que ía gañar nas urnas. Incluso trataba mal a súa muller Pura. Arrepentíase de negociar co Demo para favorecela. A idea de que ela o ía sobrevivir, que ela non compartise ese padecemento de coñecer a data da súa morte, estaba torturando. Mirábaa mal, non a escoitaba nin lle respondía cando ela falaba; non bendecía a mesa e mesmo chegou a maldicir a comida que ela facía. Pura estaba chea de carraxe por recibir este trato do seu marido, polo que tanto se tivera sacrificado. Con cada mal xesto ía queréndoo un pouquiño menos.

Cómpre dicir que a semana foi completa no que se refire a detalles desagradables. Chegou o domingo, o gran día, o día que despois de ir á misa se votaba. A veciñanza comentaba ás portas dos colexios electorais o ben que se portara sempre o Milo, o bo veciño que era, que vaia solteiro de ouro se ao final conseguía gañar a alcaldía... Pola contra latricaban de como Tucho estivera demasiado convencido da súa vitoria e se comportara coma un auténtico energúmeno toda esta semana, mostrándolles á fin o tipo de persoa que era en realidade. Nin fora á misa un só día, nin sequera ese domingo!

Votou todo o mundo que podía votar, que tampouco eran tantos. Milo votou por si mesmo, Tucho votou nulo porque cuspiu na papeleta -un xesto que os veciños da mesa electoral criticaron

duramente sen saber quen era o autor- e Pura votou por Milo porque xa estaba cansa do mesquiño do seu marido e da súa prepotencia.

Como alí os veciños eran poucos e non tiña moito sentido dividilos, decidiuse montar un palco no adro da igrexa de Santa Cristina. Alí se agardaría a que o actual alcalde en funcións nomease a quen ía ser o seu sucesor no cargo. A xente daba por vencedor a Milo, era o que se respiraba no ambiente. Ás dez menos cuarto xa se tiña feito o escrutinio completo e todos os trámites listos. A megafonía -por esta vez- funcionaba ben e escoitouse dicir “O novo alcalde é ... Tucho”. Todo o mundo calou, ninguén quería celebralo, nin sequera o propio Tucho, nin a súa muller Pura. Milo achegouse a darlle a man nun xesto de bo perder, pero Tucho fungou e apartoulla. Todos estaban calados, xa case se puxera o sol, o alumeado público comezou a acenderse aos poucos e a luz foi mudando de laranxa a amarela e branca. Ás dez en punto tocaron as campás da igrexa. Aínda ninguén dicía unha palabra para o novo alcalde, todos estaban perplexos.

De súpeto comezaron a aparecer corvos e outras especies de aves e a pousárense no cableado eléctrico. Eran moitas clases distintas e de moitos tamaños: había corvos, lavadeiras, pardais, estorniños e bubelas. Ían amontoándose ata que xa non colleu ningún máis. A xente seguía queda e calada, coma nun velatorio precipitado. Logo todos os paxaros comezaron a voar, non chiaban pero batían as ás tan rápido que daba medo. Cubrían o adro enteiro, non se podía ver nada máis no ceo, incluso cegaron a luz dos farois e dos focos que alumeaban o palco mais a igrexa. A parroquia de Santa Cristina de Paradela de Orvelle quedara totalmente a escuras. Ninguén berraba, só se oía moi forte o ruído xordo do bater das ás dos animais, era coma se se sentisen as plumas ó tacto incluso, mais a ninguén danaban. Ou case a ninguén.


Logo de varios minutos, os paxaros foron desaparecendo todos. Íanse metendo no carballo centenario e perdíanse nas súas pólas ata que só quedou un pardal ben gordiño, que se apoiou

xunto a unha landra e piou tres veces, coma se se tratase do final dunha traca de fogos de artificio. A xente miraba para o paxaro e logo miraron cara a onde este sinalaba cunha á. No palco estaba, deitado no chan, Tucho, coberto de sangue e con pequenas canas de vimbio espetadas por todo o corpo, incluso baixo as unllas, as orellas, o tabique do nariz e as tempas. Deberon chantarllas paxaros moi fortes para conseguir atravesar a cachola de semellante home tan teimudo. Ninguén falaba e o anterior alcalde achegouse para tomarlle o pulso logo dun aceno de noxo reprimido. Alí xa nada latexaba nin respiraba, levaba varios minutos morto.

”O novo alcalde é Milo!” E todo o adro comezou a choutar coa ledicia, incluso Pura estaba tan contenta que non puido evitar darlle un bico -ao tan guapo e solteiro novo alcalde- levada pola emoción do momento. Mentres algúns veciños comezaron a sacar gaitas e pandeiretas e a tocar para celebralo, outros subiron ao palco para darlle os parabéns ao novo líder. Todos querían felicitalo e darlle dous bicos e empurrábanse e brincaban incluso por riba da masa noxenta e viscosa, traxeada de azul de quen antes fora Tucho, o alcalde máis breve da historia por petición propia.

Miranda e os peixes

Ismael Ramos Castelo (Acuarios)



2º premio da 3ª categoría

Miranda odia as salas de espera. Odia a espera. O que a espera supón. Unha perda de tempo. A Miranda non lle sobra o tempo. O que máis teme é non ter tempo. Por iso aproveita eses períodos de espera para reflexionar sobre que facer con el. Non ten axenda, non a precisa. Todo está na súa cabeza. Quilos de tempo futuro dispostos a ser racionados acumúlanse na súa cabeza. A miúdo, dóelle a cabeza. É adicta ás aspirinas. Non o sabe, non é que non o queira recoñecer, é que non o sabe. De sabelo, recoñeceríao: son adicta ás aspirinas. Pero non o sabía.

Miranda agarda sentada na sala de espera. Nunha das salas de espera. A vermella. As mulleres de máis de corenta agardan na vermella, así o decidira a recepcionista ós dous días de entrar a traballar na clínica. As mulleres de máis de corenta agardarán na sala vermella.

Miranda non está soa. Hai outras mulleres. E un marido incómodo que xoga a subir e baixar a alianza polo dedo. Miranda non está casada. O marido está nervioso, pode velo nos seus ollos, no seu xesto incómodo, que non serio. Tamén na sala, catro láminas enmarcadas en branco de Gustave Klimt. Non lle gustan demasiado. Nunha delas unha muller ensina un peito. Descarada. Miranda non xulga, asevera.

Vén buscar os resultados dunha mamografía. Ten un vulto. Miranda non está nerviosa polo seu vulto. Odia perder o tempo por culpa do seu vulto. Non ha ser nada, seguramente non será nada. E prohíbese a si mesma pensar niso. Pensar así. Perder o tempo da maneira.

Nunha das esquinas da habitación hai unha planta. Un ficus. Miranda adora as plantas e os peixes. Ten dous nun acuario. Os moi cabróns están namorados. Seguro. Nin sequera sabe se un é macho e o outro femia. Nin sequera sabe se teñen sexo os peixes laranxas da tenda de mascotas. Iso é o de menos. Están namora-

dos. Os moi cabróns. Leva dous días sen darlles de comer porque están namorados ás súas costas. Sonlle infieis. Ben mirado a Miranda só lle gustan as plantas. Odia as salas de espera.

A estancia non ten ventás. Só luz artificial. É coma estar nun acuario, pensa. Pero neste caso o lugar non é propicio para o amor. Só mulleres de máis de corenta e un marido nervioso.

Sabe que para o resto dos alí presentes ela non é Miranda. Ela é a muller dos brazos branquísimos en pleno mes de agosto, ou a dos ollos verdes, ou a dos pantalóns feos. Séntese importante cando a xulgan outra diferente da que é. Xoga a preguntarse como a verán os demais. E por iso non se esforza, porque se divirte vendo reflectidos nos rostros dos outros a primeira impresión, a máis natural. Por que tratar de camuflala? E así vaille pasando a espera, mirándolle a todas as que teñen máis de corenta e a el ós ollos e descifrando que pensarán dela. Ela que non é ninguén, que é Miranda.

Os peixes estarán dándose o lote neste preciso instante, pensa. E cruza as pernas. Segundos despois os brazos. Entra a recepcionista. Non lle cae ben. Polo xeral non cae ben. A recepcionista ten un marido ó que non lle cae ben. Aperta moito ó escribir. Ten un calo no dedo corazón. E di:

- Belén Suárez, pase á consulta – sorrí. Polo xeral non cae ben.

As paredes vermellas oprímena. Revólvese na cadeira. Odia a espera. Os peixes xa terán rematado cando ela chegue á casa. Seguro que teñen fame. A ela entráballe fame despois de facelo. Outra muller entra na sala.

- Bos días – di.

Morena, moi morena. Pensará que Miranda está moi branca. Pero iso a ela impórtalle unha merda. Non pode deixar de pensar nos putos peixes. Mataraos, será un crime pasional. Son comestibles os peixes laranxas da tenda de mascotas? Debería cebalos antes? Non, odia esperar. Por que tardará tanto a muller que acaba de saír?

Distráese. De súpeto sorpréndese pensando de maneira lasciva no home casado. Putos peixes. A culpa é dos peixes. O home está de bo ver. Terá peixes el tamén? A verdade é que fai moito que Miranda non ten sexo.

Érguese e camiña pola sala finxindo mirar as láminas de Klimt. Hai unha cadeira baleira á dereita do home. Á súa esquerda, a muller torrada. A cadeira é máis incómoda que a súa, o respaldo é demasiado baixo, háselle cravar nas costas. Non sabe se sentar. Se senta tamén ela lle estará sendo infiel ós peixes. É unha perda de tempo. Sentar a carón do home é unha perda de tempo. Que pretende conseguir?

Senta. O home sorrille. Miranda sorrí tamén. Non lle custa nada sorrir.

- Ten cancro sabe? – Miranda non di nada, só sorrí. E trátase dun sorriso incómodo. Por primeira vez sente a necesidade de aparentar, de se mostrar feliz, radiante, diante daquel home descoñecido que se derruba. – A miña muller... Cancro – e non deixa de xogar coa alianza arrastrándoa de arriba a abaixo polo dedo. A Miranda parécelle lascivo, está excitada, mira o peito da muller na lámina de Klimt.

- Superarao – di. Segue sorrindo. Pero non con dozura ou cun sorriso resignado, non, é un sorriso sexy.

- Xa lle quitaron o peito, sabe? – noutro contexto esta repentina confesión resultaríalle incómoda, en cambio agora, non pode deixar de observar o peito da rapaza do cadro. A forma, a pincelada grosa que lle dá volume á curva. Cantos anos terá? Vinte? Sen dúbida ela non estaría na sala vermella.

Entón el tómalle a man. Miranda suspira e pensa en Peggy Lee cantando Fever e nas mulleres que refregan cubiños de xeo polas mamilas. Nunca lle vira sentido a aquilo ata ese momento.

Toca o dedo polo que se arrastrou o anel. Está morno. Pensa en moitas cousas. Sobre todo nos peixes, pensa en darlle de comer ós peixes mentres lles conta aquilo. En que volverán

ocupar de novo o primeiro lugar no seu corazón. Que lle dean ó ficus.

- Miranda Ribas? O doutor espéraa.

Noutra situación ela diríase que xa abondo esperara ela e dudaríase en se facer agardar o doutor camiñando lentamente ata a consulta, pero dadas as circunstancias o único que se lle viña á cabeza é o mal que lle caía a recepcionista.

Ergueuse, dedicoulle durante uns poucos segundos máis o seu sorriso máis sexy a aquel home acabado e encamiñouse polo corredor enmoquetado cargado de diplomas e artigos que ninguén lía e que tampouco entendía moi ben que facían alí, iso si, non sen antes botarlle unha última ollada ó peito de Klimt.

- Bos días, pase, sente faga o favor, temos que falar da súa mamografía.

Tamén ela se derrubou entón. E odiou máis ca nunca ós peixes, ó home por falarlle da súa muller, á recepcionista, ó home da recepcionista por non facela feliz e á rapariga de Klimt por pendanga. O seu único consolo era o ficus, agora enfadado por despeito amoroso. Seguro que era un crime pasional aquela mamografía. O resto, unha perda de tempo.

II


Dous peixes. Un acuario. Unha cociña verde. Unha cociña rectangular non moi grande. Unha cociña con mobles modernos dun lado e unha mesa e varios cadros de hortalizas do outro. Sobre a mesa: un paquete de aspirinas, tres novelas románticas, un álbum de fotos e uns cantos paquetes de panos de papel. Os dous peixes ámanse. Están convencidos de que se aman. As condicións son adversas. Levan dous días sen comer. Ó lado do acuario hai unha cunca cheíña de fresas. Uns poucos centímetros máis alá, o vertedoiro, o desaugadoiro, a liberdade. Fuxirán. Levan semanas ensaiando o salto. Hoxe ela non está. Ten cita co xinecólogo.

Pola mañá quentara leite, tomara unha aspirina e mirara fotos da nenez. Erguérase nostálxica, de aí o álbum na cociña. As novelas xa estaban alí sempre. As aspirinas e os panos eran caso aparte. Cando rematou de almorzar decatouse da notiña amarela na porta do frigorífico e correu a calzarse. Chegaba tarde. Total para que, sempre me fan esperar. Antes de marchar mirounos con desdén durante uns segundos. Porcos, espetoulles. Amábanse. Saltarían xuntos. Ela tardaría en chegar. Primeiro foi el. Executou un salto perfecto, grandioso, directo ó vertedoiro. Despois tocoulle a ela. Levaban semanas practicando. A cunca coas fresas era alta demais, pensou. Tiña medo, dubidaba. Pegou á boca ó vidro. De verdade pagaba a pena morrer, no caso de que non chegase, por un simple amor de acuario? Estaba alto. Ela non podería. El era moito máis forte. Normal, roubáballe parte da comida, odiaba iso nel. Iso e a cor que tiñan as súas escamas preto da cola. Decidiu quedar. Que marchase el. Ela agardaría. O que nunca soubo foi que el tamén quedou agardando do outro lado da cunca de fresas. Que morreu asfixiado agardando por ela. Cando chegou a dona, apenas se fixou na traxedia. No peixe morto. Foi dereita ó acuario. Estaba chorando. Só ti e máis eu querido, só ti e máis eu, díxolle a ela do outro lado do vidro, e botou unha fresa dentro do acuario. Tras mordela pola punta a auga tinguiuse de vermello. Estaba doce. Era doce a soidade. Faise agardar.

O resto, unha perda de tempo.

A morte de Luís Silva

Alberto Hevia Sierra (Felix Muriel)



3º premio da 3ª categoría

O sábado 14 de maio de 2011, o día no que o pintor Luís Silva decidiu morrer, o vello artista espertou de súpeto cunha lene sensación de felicidade. Mentres os ruídos do día disipaban as brétemas dos seus soños, a miúdo tinxidos de escuros pantasma, o xúbilo e a ledicia cobraron forma e desprazaron os seus habituais pesadelos, aos que xa estaba ben afeito.

A noite anterior dera un cento de voltas na cama, cavilando nunha morea de asuntos, e ás veces asaltáballe a ansiedade ante a crise económica. Mais daquela o asisado avó non pensaba na morte, senón na súa nova mostra, “Reestruturacións Xeracionais”, que a vindeira tarde inauguraba na Galería “Katarsis” de Madrid. Cumpría dar unha charla de benvida aos seus convidados e, por moito que barruntaba e andaba a esmagar o seu maxín, non atopaba as palabras axeitadas.

O home estarricou os brazos con preguiza e xirou noventa graos á dereita os 117 quilos do seu gran corpo. Deseguido, virou outros tantos á esquerda e plantou os dous pés no chan. Sentado no catre, cos touciños do bandullo espallados encol das súas coxas, viuse gordecho coma un fol.

“Imos aló, señor Silva, non sexa lacazán e siga vostede a receita M.P.M.Z. Menos prato e máis zapato”, dixo Luís, parodiano ao seu doutor.

Ergueuse dun chimpo e botou unha bata de la encol os seus ombreiros. Seguindo a rutina de tódalas mañás, subiu amodo os chanzos da estreita escaleira que levaba á azotea. Hai anos que aquelara alí o seu obradoiro, pechando con cristais todo o ático. Nesta obra faraónica tirou unha manchea de diñeiro polo rego, tanto coma no seu divorcio. Despois viñeron as débedas e os intereses dos préstamos, e obrigáronlle a preparar unha nova exposición.

Para rematar “Reestruturacións Xeracionais”, estivo pintando arreo e con premas de tempo ao longo de meses enteiros. O home pasaba os días no faiado, como quen dí, alén dos naturais conflitos da existencia humana, xunto ao doce arume dos seus óleos e

vernices, rodeado de ducias de pinceis e sen outra compañía cá súa imaxinación. Esta perseveranza agromou nuns cadros en verdade senlleiros, quizais os mellores lenzos de toda a súa carreira, segundo el aseguraba. Chea de serenidade, Luís coidaba que esta nova mostra reflectía a madurez creativa da súa arte.

Achegouse a unha fiestra, apartou os febles encaixes e ceibou o peche do biombo de cristal. De contado, sacou a cachola polo oco da xanela e ficou un anaco quedo, axexando o ceo. Por riba dos tellados e dos agudos perfís da cidade, o vento arrastraba unhas nubes de cotón. Contemplara esta paisaxe durante media vida e non cambiara un chisco, mais outra vez deixouse sorprender pola beleza desa fraga urbana de asfalto e cemento que se estendía ante el.

Dende a súa atalaia, no vinteavo piso do edificio Coliseum, a sesenta e cinco metros sobre a rúa, outeaba unha morea de tellados e de parabólicas brillando ao sol. Soaba ao lonxe a serea dunha ambulancia e, alén do caótico batifondo do tráfico rodado, Luís distinguiu o rechouchío dun paxariño, un canto que se lle antollou unha harmónica melodía dalgún xenial compositor.

“O paxaro non canta porque estea ledo. Está ledo porque canta”, dixo.

Cun longo salouco, arredouse da fiestra e baixou da azotea cara ao seu piso. Afeitouse, rapou a cabeza ca súa máquina eléctrica e amañouse, e en dez minutos xa estaba aquelado para recolectar o traxe na tinturaría.

Non tiña máis que e asistir á gala do serán, dar un pequeno discurso e beber un grollo de viño cos amigos. Os fíos dese teatro de monicreques ficarían despois en mans de Deus, mellor dito, do público e os xornalistas, capaces tanto de crucificalo como de upalo outra vez ao Olimpo da popularidade.

Almorzando uns melindres, pensou no paradoxal que semellaban as cousas. Despois de tanto como tiña traballado, agora toda a mostra penduraba do que escribían nos xornais uns bolseiros novatos e mal pagos, que mollaban os cueiros cando el xa

acadara a fama. Aínda así, como adoitaba dicir, mellor que os periódicos se trabucaran a que non te amentaran en absoluto.

Levaba un ano agardando pola inauguración desa exposición e por fin chegara o desexado día. O home presentía que esa data podería resultar decisiva, pero ignoraba ata que punto estaba no certo. De feito, esa mesma noite a súa vida daría un troco radical.

Ás seis en punto do serán, vestido cun axustado smóking e paxariña, o bochudo pintor entrou na Galería “Katarsis”. O director da sala, Roberto Castillo, xa lle agardaba a carón da porta. Saudouno con agarimo e acompañouno ata o seu despacho, onde charlou con el a corazón aberto.

Coa man no peito, Castillo desfíxose en eloxios. Para el, Luís Silva era o lexítimo herdeiro e paradigma da vangarda creativa. A rentes doutros cualificativos, chamouno adaíl dos pinceis, pero ao vello as súas loanzas non lle interesaron nin un pemento. Preocupáballe máis ben que o público captase as ideas que pretendía transmitir. Porque el engadía ás súas obras unha mensaxe críptica, non sempre doadamente comprendida, que non respondía a conceptos senón a emocións e a esixencias do espírito. A súa arte zumegaba a máxima complexidade das ordes perceptivas.

Sentado nunha cadeira de brazos e cunha cunca de té quente na man, o artista daba por bos os crebacabezas que lle deu a mostra. Ao cabo, por primeira vez en moito tempo gozaba dun pouco de paz, ou talvez desa mística ataraxia que el plasmaba con divina mestría nos seus cadros.

A galería abriu as portas ás sete e os invitados foron chegando amodo, acompañados dun feixe de cámaras de televisión. Acazado ao director, Luís fixo un percorrido pola mostra, comentando de vagariño as distintas pezas, mentres os xornalistas enchían de borranchos os seus cadernos e os fotógrafos disparaban ás présas os seus flashes.

Uns amplos murais de catro metros de longo, nos que mesturaba distintas técnicas, ocupaban a meirande parte da galería. Sen a pegada da academia, o xenial artista saía fóra dos canons da ortodoxia cuns recursos expresivos verdadeiramente orixinais, empregando materiais tan sinxelos coma pedriñas, coscos, follas ou alpargatas furadas, cando non puro lixo.

A mostra incluía un feixe de cadros minimalistas con figuras xeométricas, pero o máis salientable era unha serie de lenzos, batuxados de violentas cores, que representaban a patriarcas bíblicos. A súa fasquía semellaba á arte pop, salvo que os seus rostros estaban feitos cun remexido de farrapos grampados ao lenzo. Luís puxera uns botóns en vez de ollos, uns anacos de madeira no lugar do nariz e uns aros de ferro para as bocas, permanentemente abraiadas.

Agás ao autor, estas entelequias anoxaron aos visitantes. Alguéns non se atreveron a rexeitalas, por medo a que pensaran que non tiñan sensibilidade cultural, mais aos agnósticos amoloulles dabondo este cariz relixioso da colección. Non lles importaría un carallo se fosen deuses mitolóxicos, ninfas ou trasnos, pero que fixera espantallos con estes persoeiros pareceulles unha desvergoña. Por outra banda, para os católicos Silva ben podería ser considerado un herexe e un iconoclasta que non respectaba os asuntos sagrados.

Na presentación, Luís colleu azos e botou todo o seu entusiasmo. Dixo que a mostra transpiraba certa saudade pola insignificancia das cousas, en especial cando se analizaban en relación ao cosmos. Maila as súas arroutadas, os xornalistas mallárono a preguntas. Luís asegurou daquela que respectaba á igrexa e non procuraba publicidade de balde. Os patriarcas da Biblia, afirmou, estaban barutados baixo un persoal prisma. Mesmo cás súas colaxes. Eran obxectos tanxibles do mundo cotián que se sacralizaban baixo a experta man dun artista. El só quería trocar a maneira de pensar para provocar unha forte impresión ou, cando menos, unha certa inquietude. Que se mergullaran no fondo da súa conciencia en busca do tipo de emoción que sentiran ao ver un cadro.

Rematada a rolda de prensa, o director da sala ofreceu uns pinchos aos asistentes. Nese momento irrompeu na xuntanza o marchante de Luís, o avogado Manuel Trillo, que lle deu un novo pulo á gala e animou aos indecisos para que mercaran un cadro. Teimou ata arrincar uns febles acordos, aínda que nada conseguiu en firme, un feito excepcional nos anos que el levaba neste choio.

O vello saíu á porta para despexar o caletre. A mesquiña acollida da mostra doíalle coma una coitelada porque o golpeaba baixo a liña de flotación do seu inflamado ego de artista. E o que máis lle magoaba era saber que toda a súa obra se cotizaría mellor cando el falecera, o que tal lle quedaba.

Manu achegouse axiña a el e díxolle que acougara, que deseguida se celebraríu unha cea de negocios e confiaba en pechar alí algunha compra. O pintor fitou para ao seu avogado e sorriu, e malia que lle asegurou que iría, despois non foi.

Aquela noite, no restaurante “Candelas”, o asento de Luís Silva ficou baldeiro ao longo de toda a velada. Os comensais preguntaron pola saúde do anfitrión, de xeito cá súa ausencia comentouse máis que se asistira en persoa. Ninguén imaxinaba o que lle puido suceder. A partir dese intre, comezouse a tecer a súa lenda.

O home vagou en liberdade polas rúas, barruntando que os pintores coma el valían máis mortos que vivos. Ben seguro. Cruzou Sol, subiu por Carretas e nun bar do Rastro chapou dúas racións de churros. Daquela, lembrou con saudade cando, hai medio século, veu á capital coa arela de acadar fortuna. Contaba cos cartos xustos para un cativo cortello e unha paleta de catro cores, mais tiña o peito enchido da alegría que agora lle faltaba.

“Que tempos tan felices, cando nin me decatara que era feliz!”, rosmou.

Pagou a conta e saíu do bar cunha idea buligando nos seus miolos. Cumpría liquidar a Luís Silva para revalorizar a súa obra e darlle liquidez ás súas finanzas. Se cadraba, escaparíase esa mesma noite do frenético ritmo de Madrid, da escravitude das amizades e dunha chea de calotes que o levarían diante dos tribunais de xustiza. Estaba farto de homenaxes e vaidades, canso dos rúidos e aburrido da tolemia da gran capital. Xa o aturara todo dabondo.

Non sabía que facer nin onde ir. A única cousa que tiña clara era que non se suicidaría. Aínda lle quedaban folgos e toda unha vida por diante. Pero atopábase nunha canle sen saída e necesitaba poñer un final á súa existencia para divinizar a súa obra. Para ser imperecedeiro, debía antes esvaecer como home.

Os seus zapatos de brillante coiro patearon as beirarrúas e levárono polos estreitos canellóns do Madrid antigo. Dende a rúa Magdalena meteuse por Ave María e foi dar á praza de Lavapiés, onde baixou pola boca do metro.

Ao entrar no labirinto subterráneo, sorriu ao imaxinar o abraio dos que agardaban por el, matinando onde andaría ao tempo que engulipaban uns lagostinos. Ían dicir que bebeu unha pinga de máis e que o coitado colleu unha boa area, pero tanto lle daba. Se lograba o seu obxectivo, pode que trocaran a súa paixón en eloxios e ata que lle botaran algunha bágoa.

Desabrochouse a gravata e gardouna no peto da súa chaqueta. Logo colleu un vagón ata a estación de Alvarado e alí apeouse dun chimpo. Mentres enfiaba pola rúa Palencia, escoitou as once badaladas da igrexa de San Antonio. Atravesou en segredo os escuros rúidos do seu barrio, tomados por ducias de mozos, cruzou Basílica e chegou ao edificio Coliseum. Vicente, o porteiro, xa pechara o portal. Amparado nas sombras da noite, ninguén o veu entrar.

Unha vez na súa casa, abriu a caixa de caudais e sacou os aforros que non lle chucharan as lampreas do banco. Había dezasete mil euros. Abondaba para fuxir lonxe. Polo que a el atinxía, Luís

Silva xa estaba morto. Borrancho e conta nova. Sería o primeiro día do resto da súa vida.

O home trocou o seu traxe por unha cazadora, un pantalón vaqueiro e uns tenis. Dun armario do seu cuarto sacou un pequeno saco de durmir que meteu nunha bolsa de deportes. Por último, púxose unha viseira e, guindando un bico ao aire, colleu a porta e marchou.

Baixou ata o garaxe e saíu á espreita pola rampla dos automóviles. Xirou á dereita no primeiro recanto e cruzouse cunha parella de latinos collidos da man que apenas repararon nel. Máis acougado, dirixiuse daquela á estación de Novos Ministerios e apañou un billete para Cercedilla.

Aos poucos minutos, o tren de proximidades avanzou rechiando pola longa vía e parouse amodo á súa beira. Unha vez dentro do vagón, medrou a súa confianza. Troupeleando a carón duns muros cubertos de barrocas sinaturas e graffitis, o tren foi afastándose da cidade.

Adurmiñado na cadeira, oíu soar o seu móbil. De contado, guindouno pola fiestra. Non quería máis preocupacións. Só tería pensamentos positivos.

“Ceibe coma un paxaro”, asentiu o home para si mesmo.

Ao chegar a Cercedilla, camiñou ata un refuxio no que adoitaba ir os domingos. Cando entrou, un alegre lume estalaba no seu interior, onde media ducia de rapaces permanecían espertos arredor da cheminea. Luís achegouse á cacharela e estendeu o seu saco cos pés preto dela. Para que estivera cómodo, os mozos ofrecéronlle unha esteira de caucho que alguén esqueceu. Contáronlle que viñan de Toledo con rumbo a Fisterra, nunha peregrinación que agardaban estaría chea de aventuras. Sairían cedo, coa fresca da mañanciña, así que Luís desexoulles boa viaxe e botouse tamén a durmir.

Arrolado polos asubíos da madeira que se queimaba no lume, non houbera trocado o seu modesto catre pola máis luxosa suite

dun hotel. Pode que non fose moi comfortable, pero neste refuxio de montaña estaba lonxe das preocupacións que lle amolaban decote na cidade. Non ouvía os berros dos botellóns, nin ruídos de motores nin sereas. Tan só escoitaba o murmurio do vento, xogando coas follas nas pólas das árbores, e de cando en vez o monótono ouvear das curuxas. Ben acubillado no seu saco, Luís ficou a durmir coma un meniño.

Ao día seguinte, a inqueda cacharela convertérase nun montón de esponxosa e fumeante cinza. O home saíu do refuxio e o brillante fulgor do día mancoulle os ollos. De súpeto, esbirrou con forza e, cando volveu en si, unha idea alumeou a súa mente. Por que non ía ata Santiago, como lle dixeron os mozos do refuxio? Había persoas maiores ca el que o facían sen ningún atranco. Ademais, non lle sería difícil agocharse entre os centos de peregrinos que se dirixían a Compostela.

Sería unha viaxe de purificación do corpo e mailo espírito, acorde coa nova vida que estaba disposto a emprender. Coa mesma, albiscou ao lonxe un regato que fendía as montañas. Colgouse a bolsa ao lombo, calouse a viseira e, asubiando ledamente, dirixiuse cara ao río, seguido da súa propia sombra.

Cruzou de vagariño os tupidos piñeirais e pouco despois do mediodía alcanzou Guadarrama. A fame roíalle o bandullo pero non quixo xantar ren. En vez diso, achegouse a unha farmacia e pediu un réxime adelgazante e unhas pílulas queima graxas. Despois, púxose de novo a andar.

Lixeiro de equipaxe pero ben afouto, o home gorentou o sinxelo pracer de camiñar cara a ningures. Sempre lle gustara andar, dende moi novo, e a miúdo escapaba de Madrid as fins de semana para percorrer a serra norte. Malia a súa gordura, aínda se conservaba rufo e confiaba que sería capaz de conseguir o que se propoñía.

Nos seguintes días seguiu amodo con rumbo a Compostela, sen présa por arribar ao seu destino. Deixouse medrar o pelo e borroulle as canas cunha tintura. Xunto coa barbuxa que xa lle cubría a face, a viseira e unhas gafas, non se recoñecía nin el mesmo. Así, cando alcanzaba unha vila, preguntaba deseguida pola casa do cura ou polo alcalde. Dicía ser un profesor de debuxo, Ricardo García, e malo sería que non lle invitaran a unha sopa de allo ou que non lle deran o aderezo dalgún mosteiro onde pasar a noite.

O exercicio físico e o réxime de adelgazamento deron os seus froitos. Acotío Luís víase menos gordecho e máis baril, e xa lle resultaba doado aturar as dores das bóchegas. Velaí que, coas fatigas desta peregrinación, os seus pesadelos existenciais tamén pasaron a un segundo plano. E cando ás noites caía derreado no seu saco, despois dun día enteiro polos camiños, pronto collía o sono. Xa fose nun sinxelo albergue, nun alpendre ou mesmo ao resío, deitado no chan baixo o ceo estrelado, durmía sen sobresaltos e espertaba sempre con forza dabondo para proseguir a súa andaina.

Unha tardiña a finais de xullo, o viaxeiro acadou Compostela e contemplou en todo o seu esplendor a imponente catedral. Acabado de duchar no albergue e con roupa limpa, entrou na igrexa e agardou a súa quenda para darlle unha aperta ao Apóstolo. Despois, achegouse ao milenario sepulcro, descubriuse a cabeza e axeonllouse ante a prateada urna.

Coa vista fixa no sartego, Luís distinguiu un destello brillante que se lle antollou coma unha chiscadela de Santiago, un aceno co que lle quixera dar a benvida e agradecerlle a súa visita. Posto en pé, botou unha esmola no cepillo e saíu da cripta, decidido a seguir coa súa farsa.

Á noitiña, os peregrinos espallábanse pola praza do Obradoiro e, entre os resoantes arcos do pazo de Raxoi, a tuna da Facultade de Dereito entretíña aos turistas cos seus ledos cantares. Os estudantes, con longas capas orladas de insignias e cintas de cores, resgaban os seus laúdes e axitaban as ferreñas das súas

pandeiretas con chimpos, berros e asubíos. Luís arrimouse a eles e, animado pola música, o seu corazón encheuse de xúbilo.

A maior parte dos universitarios pasaban o verán cos seus pais. Así, ao home foille doado atopar unha habitación baldeira preto das Fontiñas. Non empregou a súa tarxeta do banco para non deixar rastro, e aseguroulle á dona da hospedaxe que perdera os documentos alá en Ponferrada.

Unha mañá, nunha cafetaría da Rúa do Vilar, veu unha crónica en El Correo Gallego e deu un chouto na cadeira. Falaba de “Re-estruturacións Xeracionais”, a súa nova mostra na Galería “Katar-sis”, e salientaba que o eminente autor desaparecera incompre-siblemente sen deixar pegada.

O xornal publicaba tamén unha fotografía. Debeuna escoller a súa ex muller, porque non saía moi favorecido. Por sorte, a foto dese fulano rapado e de grandes fazulas semellaba a ficha policial dun terrorista ou dalgún preso de Alcalá-Meco. En nada se parecía ao seu alter ego nos últimos meses, Ricardo García, un home fraco e lanzal, de poboada barba e uns ondulantes crespos de cor castaña. Coidaba que coa súa nova imaxe non o reconecería nin-guén, pero cumpría que tomara precaucións.

No amencer do derradeiro xoves de xullo, coma un fuxiti-vo, Luís Silva marchou silandeiamente da pensión. Despois do que leu no xornal, non debía alongar a súa estadía en Santiago. Agocharíase nunha zona rural sen turistas, nalgún esquecido currunchito preto da natureza. Quedáballe vontade dabondo para continuar de incógnito o tempo que fixera falta.

Camiñou por pistas forestais e, ao atravesar o río Sar, a bre-temosa soidade destes paraxes cativouno de contado. Percorreu daquela a bisbarra e decidiu ficar en Trasmonte, onde atopou un casal cun pequeno xardín. A finca pertencía a unha viúva que aínda apañaba as leiras. Luís pagoulle tres meses por adiantado

e puxo tamén outros dous mil euros para o aval. Ante a forza dos cartos, abondaron palabras.

A planta baixa, sinxelamente amoblada, era toda de pedra. Posuía unha rústica lareira na que se podía asar un xato, e espazo dabondo no faiado para instalar un obradoiro de pintura. Mirou polas fiestras e non viu máis que árbores e prados. Diante del, un manto de verdor alfombraba por completo o val. Coas chaves da súa enxebre casa no peto, o home tivo razóns para o optimismo.

Nunha tenda conseguiu lenzos, un cabalete e vernices para botarlle aos cadros. Retomou tamén o costume de saír a percorrer os campo e respirar o osíxeno das carballeiras. Adoitaba ir polas corredeiras a rentes do Tambre ata o pazo de Baleirón. O outono xa tinxía as árbores e mesturaba as cores na rica gama das fragas da Maía. Ás veces, de pé nun recanto do río, decatábase que rebordaba gañas de vivir. Nunca antes fora tan feliz coma agora. El, que sempre receou do inferno da soidade, estáballe dando un novo significado a esa expresión.

Un serán, folleando os periódicos nun bar de Tapia, viu con abraio que había máis xornais que daban conta da súa exposición na sala “Katarsis”. El Mundo apuntaba que “Silva logra sacar auga das pedras, ás que da vida, e converte obxectos triviais en algo transcendente”. Mesmo El País definía a mostra como a “xanela aberta á arte contemporánea”. O xornal subliñaba o “excelente traballo dun pantasma”, así como os esforzos feitos en van pola Garda Civil para dar co seu paradoiro.

A bomba estalou á mañá seguinte, cando case tódalas canles de televisión quitaron unha reportaxe de “Reestruturacións Xeracionais”. Aparecían imaxes de arquivo do pelado Luís Silva, gordo coma un pucho, embutido nun cativo smóking o día da inauguración, e outras máis recentes que amosaban longas colas de visitantes fronte á Galería “Katarsis”. Daquela, Luís viuse no ollo do furacán que tanto temera.

Nos seguintes días preparou a súa aparición. Nun principio pensou que podería xustificar o seu silencio co gallo dun secuestro. Des-

pois, decatouse que mentir sería unha fatal perda de tempo e que, ensarillando a cousa, podía esnaquizar toda a súa feliz aventura.


Unha noite, chamou ao seu avogado dende unha cabina pública e díxolle, botando unha argallada, que xa lle chegara o momento de saír da raposeira. Manu, que ficou pampo ao saber que aínda vivía, ameazou con matalo el coas súas propias mans se viña por Madrid. Non sen razón, na capital abraiaran coa exposición. Moita xente quería mercar algunha das súas obras.

O seu marchante pregoulle que estivera calado e non fixera ningunha parvada. Insistiu para que lle dera tempo a vender tódolos seus cadros nunha exposición retrospectiva, e xurou que gañarían máis cartos cós toureiros. En canto tivera o seu aderezo, prometeu que lle enviaría alí unha nova identidade. Advertiulle que iso supoñía un delito tipificado no capítulo IV e o artigo 401 do Código, cunha pena de prisión de seis meses a seis anos. Pero como Luís era un artista de renome e non tiña antecedentes, disque nin sequera poñería un pé na cadea.

Cando o vello colgou o teléfono, unha soidade infinda golpeouno coma unha labazada. A súa falcatruada resultara de marabilla, mellor do que el puidera imaxinar. Por que agora a saudade lle esmagaba o peito? Sería o medo? Luís dubidaba que puidera confiar en Manu. Empurrado pola cobiza, talvez decidira enviarlle un asasino para que lle metera unha bala na orella. De volta a casa, sen bágoas, chorou en seco pola súa propia morte.

Aquelou varios días inqueda, pendente do correo, mais ao cabo recibiu unha carta cun DNI trucado dentro. Sen nada escrito e sen remite, pero abondaba. Nas seguintes semanas, Manu cumpriu a súa palabra á liña, e foille ingresando nun banco ata o último céntimo das súas vendas. Luís mercou así un automóbil chusquiño e, transcorrido un tempo, tamén comprou a casa que alugaba. Pintouna de branco e logo esqueceuse de volver á capital. Despois de todo, neste paraíso virxinal vivía moi ben, malia que xa estivera morto.


Rianxo, 2012



Poesía

Gustaríame

Claudia Quintans Vinke (Esmeralda)



1º premio da 1ª categoría

Gustaríame poder voar
coma lixeira ave elevarme
sentir, poder
o vento na cara notar
e ao abaixo eu asomarme
a escala ver.

Gustaríame poder nadar
coma bo pez somerxerme
sentir, poder
a auga na cara notar
e ao arriba eu asomarme
as luces ver.


Gustaríame poder correr
como leopardo moverme
sentir, poder
o movemento notar
e ao atrás asomarme
todo lonxe ver.

Gustaríame poder brillar
como estrela acicalarme
sentir, poder
o espazo na cara notar
e á Terra asomarme
aos seres ver.

Gustaríame poderme rir
como doce cría alegrarme
sentir, poder
o moi suave sonido oír
e ao dentro de min asomarme
moi feliz ser.

O lume en Galiza

Xián Pazos González (Axío)



2º premio da 1ª categoría

O lume en Galiza
é froito da inxustiza.

Os pirómanos coa súa cobiza
converten o monte en cinza.

Algunha xente cos lumes tenta acabar
pero non todos queren axudar,
hai outros que o que queren é plantar
e coas árbores rematar.

As Fragas do Eume arderon sen remedio,
e a chuvía non apareceu para o lume apagar.
Moitos animais morreron polo medio
e o río tivo que aos outros salvar.


A chuvía axudar quixo,
pero o sol dixo:
- Non, ti non podes axudar,
a seca eu non deixo rematar.

A tristura invade o país,
Galiza está en lapas,
os galegos din: Lumes, Nunca Máis!
Mentres o chan perde capas.

O porvir de Galiza negro está.
Sae á rúa, protesta!
A min paréceme que isto apesta.
O futuro é noso, esperta!

DIVERTIRSE

Lara Castro Taboada (Pipo)




3º premio da 1ª categoría

Todas as cousas son importantes,
pero hai unha que vai por diante,
divertirse cos primos,
a familia e os amigos.
Se es un neno,
que está sempre na casa,
sae fora,
e verás que ben o pasas.
Se tes moitos amigos,
trátaos ben!,
se queres que xoguen contigo,
e que te traten ben a ti tamén.
Fai un día precioso,
perfecto para saír,
chama ós primos,
que ímonos divertir.
Divertirse é o mellor,
é xenial!,
faino sempre,
e nunca o pasarás mal.

NO INTRE AGRE DO CAFÉ

Marcela Porto Mato (Crocoíta)



1º premio da 2ª categoría

Guan

Esculquei os parámetros horizontais da túa silueta.
Gostei de mingüarte coma os puntos recortables das bonecas de papel.
Saboreei o bicarte preto da orella,
co suave roce das canelas en rama.
Biqueite de maneira prolífica.
Quixen susurrarche quérote o oído.

Quero ler a primeira vista a túa partitura.
Quero que me empantanes.
Póñenme a cen os ímpetos e a brusquidade.
Sería perfecto terte aquí e deixar que me volveras tola.

Preciso que me fagas o amor en cada verba que escribes.
Preciso que me pigmentes.
Preciso bicarte eternamente no pescozo
e preto da túa orella,
para pelexar cos finos cabelos entre os meus beizos.

Faría o amor contigo cada segundo no que estás ausente.

Amárrame todo o que poidas
e deixa que senlleira(mente)
co teu leve rozar, palpitar e respirar
me poña en liña horizontal con Xúpiter.

Chu

Quero de que cada incoherencia que escribo,
saian saloucos de pracer.
Preciso dun encontro carnal;
corpo con corpo; poeta con poeta; músico con instrumento; métrica con sons.

Vólveme tola no Generalife.

Fusiónate en min coma as baquetas o rozar coas láminas da marimba.
Faime cóxegas.
Escapa pero volve tan apresuradamente a min coma no bamboleo baquetívoro do redobre.

MOR

DE

(os remollos)

ME

Fusionémonos. Biquémonos cento mil veces no pescozo,
insinuando todo o subconsciente posíbel.

Baixa, non pares.

Atopa as oitavas mais graves do meu corpo e

Déixaas oscilar

apresuradamente sube o do central.

Os dous dos centrais.

IM

PÍ

A

ME

Redobra neles, incrementa os matices coma
se Ray Charles estivera en plena inspiración.

Coma o éxtase que sente o yonki.

Tan forte como te sinto eu a ti.

Zrí

Precisábate tan tan **tan** preto, que non estás. Precisamente por iso.

Resulta provocante saber que volverás,

percorréndome coma lámina por lámina,

nun rubatto totalmente libre. Meditación absorbente.

Finalmente apágame, pero non con pedal.


Deixa rozar unha das túas múltiples mañas para que a vibración do metal baixe.

Pero non moito.

Quero volver fusionarme encaixarme e sumerirme enti.

Vestixio

Afonso Francisco Traficante Fernández (Miguel Pitti)



2º premio da 2ª categoría

1.

Fuches todo o que nunca se conta
a extensión exacta da miña man
aberta nas túas costas
 os dedos que se afunden aos poucos

todas as bandeiras que inventamos
e os semáforos en ámbar que parpadeaban
á altura das cadeiras.

2.

Algo grande está pasando de longo
pero agora estás comigo
 agora estás comigo campo adentro
na nosa guerra inacabada do teu corpo contra o meu.

3.

A presa de chegar e consumirme
rápido como os bosques cando arden
rápido como o sangue nas arterias.
O meu corazón pide tregua.

4.


Para que nunca te vaias
nin deixes detrás de ti
un vestixio insalvable de para sempre.

5.

Cando se descolga o sol polas ventás
e boto de menos o teu contorno sobre a almofada
o teu olor a contigo.

AUTODESTRUÍRNOS

Helena Salgueiro Golán (Mafalda)



3º premio da 2ª categoría

*[Confesarei. Volveron os meus dedos a arriscarse.
Apertándote forte como a intemperie.]*

Deixamos fóra os nosos corpos cunha lentitude cruel. Tiven tanto que perder
que a molestia se fixo cada vez máis grande.
E ti que non facías máis que mirarme
dende lonxe.

Agora que empezaches, non pararás. Seguirás léndome.

Eu era unha estatua poética e abatida. Algunhas veces
permitín que as decisións puidesen comigo,
sentirme vítima.

Cando apareciches, o teu esforzo fixo
que me apertase a ti coma ningún.

Así é como empezou a nosa historia,
coas ganas.

Ignorabas a urxencia á que estabamos sometidos, e pousei nas túas costas
os versos que quedaron da catástrofe.
Era iso maravilloso? Era iso realmente
maravilloso?

*Apenas quedaba tempo,
poñiamos algo bonito entre as parénteses
até esgotar as nosas bocas esnaquizadas.*

Nun silencio colosal, amarrei entre as pernas estúpidamente
promesas que nos fixeramos
cando aínda non sabiamos nada.

Como gastei as mans en tentar xustificarnos
en dicirlles a todos
que ao final, todo sairía ben.


AS COUSAS NUNCA SUCEDERON TAN A MODO
 é natural sentir medo
CANDO DIGO PARA SEMPRE, É QUE PARA SEMPRE
 é natural xogar a curarnos
 É NATURAL XOGAR A TERNOS

A túa suavidade percórreme de memoria os pregues cos ollos pechados lentisimamente.
Crávaste como un neno distraído e devólvesme a miña respiración nos labios abertos.
Un espasmo que non remata de esbarar.

Inmóviles.

Epitalamio das cebolas

Carlos Callón Torres (Pasaxeiro en tránsito)



1º premio da 3ª categoría

A mágoa supérase co cúmulo da vida:
convocar os soños por obra da fala,
procurar o cadro racional onde enmarcar o que nos pasa.

Por iso avanzo nos silencios
sabendo
que nós plantamos cebolas para un día poder chorar por algo,
nese mundo xusto que construímos de tres en dous,
coas
dúbidas
penduradas
das
nosas
olladas
e unha nota baixo a porta escrita nun mal reintegrado.

Amar-te (vello, manido tópico) é como outra saída do armario:
Novamente medoñenta, mais xa non premeditada.

Sei que teño a esperanza atrapada nunhas mans baleiras.
E así reclamo a cábala do calendario:
digo vinte e dous de outubro,
digo mil novecentos noventa e nove,
cando os milenios chocaban con beixos non soñados,
tópicos e crueis como un filme cursi.

Alienámonos sen saber que facer,
desexando sempre e mais despois,
elevando muros que deteñan a dor que nos rodea,
a incompreensión que comeza por nós mesmos,

polo prexucioso amanuense destes versos,
aínda indagando nas feridas abertas por tantas contradicións.

O que escribo saéme así:
como saen as capas das cebolas da mañá
e as bagullas que se ocultan tras os óculos nunha sala de cinema.

Literaturizo o medo para afrontalo e vencelo.
Almorzo poesía para poder vivir
co esquecemento da dor que se fai palabra
e da palabra que se sabe veredicto.

Desde a propia marxinalidade pódennme virar as costas
ao veren atónitos
–coma min, coma nós–
que as marxes se refán
coa forza do tornado que todo leva co seu ritmo de vida inaprensíbel.


Afectos prohibidos. Contradicións sen síntese.

Algo hai de nonseiqué nisto que digo:
–Que te amo tanto que non sei como pero sei canto.

Que os versos saen infantís mais non quero melloralos...

No camiño cara a ti dime máis unha amiga que Kavafis!
Dimo en pancartas de versos,
constatando, como con indiferenza,
que nós plantamos cebolas para un día poder chorar por algo.

Xulio Cid Neira (Álvaro Guedes)



2º premio da 3ª categoría

ser estar anteceder existirse

as persoas son do tamaño dos seus sonhos
e medran cara a dentro se ao acordaren
son quen de comprender que estar
é transitar un intervalo
entre abismos de ausencia
onde a orixe non ten feitío nen xuízo
un non lugar onde as sombras
non foron concibidas sequera

estar é un entrementes
habitación do ser
nun lugar e nunha hora

estar presenza
aparecerse ao tempo que infinitos
ser nada outros
formas dunha sombra


desfacerse
mudar
voltar a nacer
sobrevivindo ao que sucederá no outro día

non ser para acontecer efémero
sabendo que estás porque bates

desdoblarse ata ficar
ao cabo de todas as mortes
desnacido
sen lugar tempo nin forma

EN VIDA, MORTA

Rocío Leira Castro (Landra)



3º premio da 3ª categoría

Imposible saír
do labirinto do minotauro desnortado
e cruzar
o silencio metálico
da escuridade das noites de insomnio.
Imposible non caer
nos pozos do desespero
nin deixarse naufragar
polo temporal da eclipse do teu nome.
Imposible non mimetizar
os meus agoiros cos teus devezos.
Por iso amor,
agardareite insomne
nos recendos do silencio
onde as mareas
non morren,
nin afogan,
nin sequera choran.
Agardareite
lonxe da choiva
pois gústame agardar en seco.
E ollareite en silencio
co calidoscopio das sombras.
¿E se non voltas?
Non importa.
Agardareite no eterno,
erosionando o silencio
onde só estás ti,
e as arestas do esquecemento
e onde os sorrisos morren antes de nacer.

E botarei raíces
no veneno da memoria
e darei froitos de recordos
no ventre do húmido silencio.
E seremos fósiles
nas tebras do tempo
onde só habitan
os difusos aromas do desterro.
Agardareite
onde esvaran as horas,
dos reloxos de novembro,
e onde escorre a luz
polas fisuras dos sentimentos.
E tornará o eterno
a petar na miña porta,
pero non atopará xamais
a miña alma,
en vida, morta.

